

A casa máis animada do mundo

Cristina Sáez Cazallas • Almudena Aparicio



a casa máis animada do mundo

B

BAÍA EDICIÓN S

**O libro que estás a punto de ler
foi creado exclusivamente para
axudarche a superar o período de
alerta sanitaria decretado polo
gobierno, no marco da nosa campaña
[#euquedolendo#baíaconnósnacasa](#)**

**Desde Baía Edicións pedimos e
agradecemos que se respecte a obra
da autoría, que tan xenerosamente
prestou o seu ben máis prezado
para o teu benestar.**

© Xuño 2009, Baía Edicións
Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.
Parcela G-18, Nave Posterior
15190 A Coruña
Tel.: 981 174 296 / Fax: 981 915 698
comercial@baiaedicions.net

www.baiaedicions.net

Distribución:
Consortio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com

© Textos: Cristina Sáez Cazallas, 2009
© Ilustracións: Almudena Aparicio, 2009

Impresión: Grafo, S.A., Basauri

ISBN: 978-84-92630-33-2

Depósito legal: C 1929-2009

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org), se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

A casa máis animada do mundo

Cristina Sáez Cazallas • Almudena Aparicio



BAÍA EDICIÓN S

*A Virtudes Cazallas Saavedra,
feita de ledicia e de bondade,
unha alma eterna e infinita*

#euquedolendo
#baíaconnósnacasa

Esta é a historia da casa encantada que está debaixo do ceo e enriba do mar. Nela viven gatos que foxen do queixo, mouchos que toman o sol, cans que falan, gatos que len, xílgaros fóra da gaiola, tartarugas que andan ás présas, periquitos que escriben e hámsteres que xogan ás agachadas.

A casa ten tres andares. No primeiro viven os cans e mais os gatos, que comparten cuarto de baño. No segundo as tartarugas e os hámsteres, que comparten outro cuarto de baño, e no terceiro os xílgaros e os periquitos, que tamén comparten outro cuarto de baño. Os únicos que non comparten aseo son os que dormen na planta baixa, a que está máis preto do mar e máis lonxe do ceo, o rato Honorato, que ten baño propio e o moucho Pancho, que prefire para todo o aire libre.

No baixo está a cheminea, onde o lume nos invernos chega os veráns aos corazóns máis alegres do mundo. A cociña está no primeiro andar, onde a gata Malapata fai as comidas máis ricas do mundo. O salón está no segundo andar, onde o xílgaro Romeu xunta todos os animais para falar das cousas máis divertidas do mundo, e no andar superior está a biblioteca, onde o can Xan conta os contos máis bonitos do mundo.

A casa ten na porta da entrada un letreiro que di:

«A casa máis animada do mundo»



a casa máis

#euquedolendo
#háconósnacasa



s animada do mundo

Planta
Baixa



Pindolón

Pindolón ten un nome moi chusco. Os seus amigos chámanlle Tolón, como o ruído que fan as campás cando soan, e el morre coa risa. A súa muller tamén morre coa risa cando chaman á porta da súa casa e oe “din-don”, “din-don”.

Os pais de Pindolón teñen un fillo moi churrusqueiro. Traballa de mensaxeiro. Vai sempre dun sitio a outro na súa moto. Pindolón leva na súa cabeza un casco que pon: “Pindolón, reparto paz a montón”. Cando Pindolón sabe de alguén que anda a rifar por calquera cousa, preséntase decontado e intenta arranxar o problema. E case sempre o consegue: troca anoxos por bos modos, berros por murmurios e labazadas por aloumiños. E como o fai? Regalando sorrisos a cambio de nada.

Pindolón vive coa súa muller, os seus pais e os seus dous fillos: Pindolín ten dous anos e Pindolina catro meses. Ai! Esquecíame! Sabedes como se chama a muller de Pindolón?



O televisor fantástico

Onte mercamos un televisor novo. No que tiñamos antes só saían guerras, sangue e cousas feas, por iso cada vez que viamos a tele nos poñiamos tristes.

—Que leda estou! —dixo a miña avoa—. Agora quero ver gargalladas, guitarras e gaivotas.

—Que ledos estou! —dixo o meu avó—. Despois quero ver golfiños, grilandas e gardenias.

—Que ledos estou! —dixen eu—. Sempre quereirei ver monicreques, gabiáns e goletas.

E mentres falabamos das nosas esperanzas, a televisión acendeuse soa e dixo:

—Que leda estou! Só quero botar sorrisos, ledicia e amor.

E así cada vez que vemos a tele, poñémonos ledos como os cucos.



Orellas molladas

Hoxe chove a cachón, pero non me importa porque me gusta moito a chuvia. E se chove a reo mellor que mellor. Pero chove tanto e vai tanto frío que teño que tapar as orellas.

A miña nai non mas deixa tapar coas mans, aínda que teña luvas, porque di que as mans non son para tapar as orellas. Por iso me dá roupa para abrigarme moi ben dos pés á cabeza: calcetíns gordos de la, calzóns, pantalóns de pana, camiseta, camisa, cazadora, bufanda e gorro, rematando coas botas de pel para evitar mollar os pés.

Cando saio á rúa só levo ao aire os ollos. E iso é o que importa, porque, polo menos, podo ver como as gotas de auga que caen do ceo fan os charquiños, que eu piso coas miñas botas para o frío.

Como sempre chego á casa cheo de barro ata as orellas e a miña nai empeza a berrar nada máis ver as miñas



pisadas no corredor, para evitar males maiores, agardo un pouco nas escaleiras: conto ata vinte e cinco, limpo as botas con cuspe e a bufanda e logo entro na casa coas orellas gachas e ben tapadas.

A familia enteira: pai, nai, irmáns e mesmo os bichos que andan pola casa adiante, sen permiso e sen bufanda, o primeiro que fan cando me ven é tirarme das orellas.





O día e a noite

Unha vez o día e a noite empezaron a rifar. O día dicíalle á noite:

—Os seres humanos quérenme máis a min porque teño o sol e dou luz, e no verán somos máis longos que vós, que sodes moi curtas.

E a noite respondíalle:

—Diso nada, quérenme máis a min porque teño a lúa e tamén dou luz, e no inverno sodes máis curtos que nós, que somos moi longas.

—Ademais —dicíalle o día á noite— os labregos, os gandeiros, as mestras, as tendeiros, os carteiros, os butaneiros, as zapateiras, os electricistas... viven comigo e non contigo.

—Si, si! —replicáballe a noite ao día—. E que me dis dos taxistas, das doutoras, dos vixiantes, das bombeiras, dos varredores, dos que fan os xornais, dos camioneiros, dos pescadores que saen ao mar coas estrelas?



—Tamén dis verdade —díxolle o día—, pois hai persoas que viven contigo e dormen comigo.

—Pois sabes o que che digo? —resolveu a noite—. Que cada un ao seu, que xa temos abondo: ti a dar luz e calor ás flores e eu silencio ao campo.

O príncipe valente

Estes días non son un rapaz, poden ser un príncipe, un velliño ou mesmo un gato. Son as festas do Entroido e por iso moita xente se disfrazan e pon caretas.

Estes días como moitas filloas e orellas. A miña nai díxeme que vou estoupar de tanto comer.

—Nai, hoxe poden ir disfrazados de príncipes valentes?

—Si, ou!, de príncipes valentes si, e de príncipes gordechos tamén. Para xa de comer orellas! —di a miña nai.

—Sabes por que como tantas orellas? Pois para escoitar mellor.



—E por que comes tantas filloas? — preguntame a miña nai.

—Para falar mellor.

—Pero para iso non tes que tomar filloas, é moito mellor que comas lingua.

—Poden ser de gato? Esas tan ricas de chocolate?

—Pois entón irás vestido de príncipe-valente-gordin-flón-falador.



Os paxaros cantores

O sol erguíase quentiño alá no horizonte. A horta dáballe os bos días cun suave movemento e as follas das árbores bailaban unhas coas outras ao son dos paxaros cantores.

As margaridas, as hortensias, as figueiras e todas as flores do campo danzaban coa luz do sol. Nas hortas,



os tomates, os feixóns e as cenorias rían felices coa luz do día.

O río arrolaba a súa auga cunha música chegada do ceo, onde os paxariños non deixaban de cantar: “Que ledicia, chegou a primavera!”

Alí arriba as nubes paseaban quedas e abraiadas por tanta beleza.

Aquí abaixo, na terra, as flores e as plantas crecían fortes e abraiadas por tanta beleza. No ceo os paxaros non deixaban de cantar: “Que ledicia, chegou a primavera!”.

E era verdade, a señora primavera chegaba máis fermosa que nunca despois de nove meses de ausencia. Viña vestida de papoulas e rosas, sorrindo acababa de dicirlle adeus ao inverno, que marchaba lonxe durante un tempo.

A doce primavera chegaba para xogar cos caraveis e os xeranios, para regar as leitugas e as cebolas coa auga da rosada, para iluminar os campos coa súa luz cegadora.

A linda primavera chegaba, luminosa e radiante, mentres que o sol se erguía alá polo horizonte.



Fumeira e Lumieira

Esta é a historia de Lumieira e Fumeira, dúas fogueiras moi feiticeiras que se fixeron amigas unha tarde do mes de xuño, véspera de San Xoán. Lumieira era máis alta que Fumeira, aínda que máis delgada. Fumeira era pequeniña e redondiña como unha cabaza.

—Quédanos pouco tempo para falar —díxolle Lumieira a Fumeira pouco antes de que o sol fose durmir.

—Voute botar de menos —contestoulle Fumeira, mentres lle caían dous cachiños de madeira con forma de bágoa.

—Non esteas triste —replicoulle Lumieira—. As nenas e nenos pásano ben facéndonos e vendo, cando chegue a noite, como ardemos e imos converténdonos en cinzas.

—Levas razón —dixo Fumeira—. Ademais fanme rir cando saltan por riba de min e a algúns se lles quenta un pouquiño o cu. Mira, ese que vén por aí é Antón, o neno que máis traballou para construírme; oín que se



vai da vila para pasar o verán cos seus tíos na cidade. Esta noite, cando pase por riba de min, seguro que pedirá un desexo. Se estás atenta, ti tamén o poderás escoitar.

—Pois mira para alí, aquela que vén ata nós é Rosa, a rapaza que máis fixo por min —dixo Lumieira—. Oínlle dicir aos seus amigos que nas vacacións marcha a unha granxa que teñen os seus avós na montaña, aló no alto, moi preto das nubes. Esta noite cando, ao saltar, pida un desexo, se estás atenta pode que o escoites.



E quedaron caladas. E chegou a noite e, ao brincar Antón e Rosa por riba delas, escoitaron os seus corazóns. O de Antón latexaba con forza desexando marchar preto do mar, á praia, para xogar coas ondas. O de Rosa golpeaba o seu peito desexando voar cara ao ceo para xogar coas estrelas.



Os embigos máxicos

Un día de verán un embigo chocou con outro na praia. Había tantos que era imposible non chocar.

—Ti, que fas aquí? —preguntoulle o embigo dunha muller ao embigo doutra.

—Suar, e ti?

—Quentar co sol e chuchar unha cousa branca que me botan de cando en vez —respondeulle o relucente embigo.

—Gustaríame tanto meterme na auga... —dixo o embigo máis bronceado.

—Pero non temos pernas —replicoulle o outro.

—Si que temos, ho! Sonche pequerrechas pero permiten movernos. Xa verás.

O embigo resplandecente, despois de escoitar tal cousa, mirouse ben e decontado escapou da barriga



onde estivera tanto tempo sen decatarse que el tamén tiña pernas.

«Pois si que son despistado», pensou, mentres saltaba pola area tolo de contento.

E así foi como deixaron as dúas mulleres resplandecentes e suorentas para ir xogar coa auga.





As castañas de Manuel

Manuel ten que se erguer da cama para ir á escola; son as oito da mañá e a súa nai estalle preparando o almorzo.

—Espílete, Manuel, que despois tes que ir ás carreiras —dille a nai. Mentres, Manuel asómase á fiestra para ver como as follas das árbores cruzan voando como tolas diante do seu nariz.

«Vai mal día», pensa Manuel, «Pero non importa. Hoxe temos festa na escola e se hai festa non hai día malo».

—Que poño, nai? —pregunta o rapaz desde o seu cuarto.

—A roupa que tes na cadeira: o pantalón marrón, a camisa de cadros e o chaleco verde —contéstalle a nai—. Lembra poñer as botas por se dá por chover —dille a nai desde a cocíña.

Manuel está moi ledo. Sabe o que lle agarda na escola: cancións, bailes, xogos e, por suposto, comer casta-



ñas. Tamén sabe o que lles espera aos seus amigos: as bullas das castañas.

Despois de encher o bandullo case que ata estoupar, recoller as pelar e tirarlhas ás compañeiras e compañeiros da súa clase é o que máis lle gusta da festa. O que menos, que ese día de escola semella ser o máis curto do curso.



O Capitán Pirata

O mundo é moito máis grande que a rúa onde vive Bruno. Gustaríalle ir a todos os lugares da Terra, pero quedan moi lonxe da súa casa. Cando vai visitar os seus tíos ten que coller un autobús, cando vai ver os seus curmáns ten que coller o tren e cando vai á escola ten que mover os pés, porque vai andando.

Cando sexa maior irá tan lonxe, tan lonxe, que terá que coller un avión. Ao mellor ata irá á lúa e, se pode, traballará de piloto de naves espaciais. Pero ata entón o



seu soño é viaxar nun barco, e mollar as mans na auga chea de sal, e falarlle ás sereíñas, e montar nos cabaliños de mar, e atopar tesouros agachados nos barcos somerxidos baixo a auga que se ve. E unha noite, cando os demais pasaxeiros estean durmindo, caxará unha barca con piratas, cun capitán coa pata de pau e pediralle que lle deixe ir con eles.

—Madría leva! —rosmará o capitán—. Non quero nenos piratas.

E, de súpeto, espertará no coche dos seus pais chegando á casa despois de visitar os seus avós.





As raíñas máis meigas

Estes días as rúas están cheas de lámpadas de cores que se acenden cando chega a noite. A xente está moi leda, aínda que tamén en moitas esquinas se ven homes e mulleres tristes e apagados.

Axiña virán os Reis Meigos montados nos seus camelos desde moi lonxe, deixando xoguetes aos nenos e nenas de todo o mundo. Este ano chegarán o venres pola noite, que é cando se pasa do día cinco ao día seis de xaneiro.

Para que che deixen o que pediches tes que deitarte cedo, limpar os zapatos e deixar auga para os animais e un pouquiño de zume e pastas para os Reis.

Estes días a xente come moitas cousas ricas: doces, améndoas, turróns, noces, abelás...

Pero... hai moitas persoas noutros lugares que nunca comen cousas tan ricas. Voulles pedir aos Reis e mais ás Raíñas do mundo enteiro só algúns xoguetes para min e moita comida para todos.



Primeiro andar





As follas que falan

Na rúa onde vivo hai unha casa moi bonita que está chea de libros. Seino porque un día me levou a miña nai. Cando entramos, unha rapaza que estaba detrás dun mostrador sorriunos. A miña nai díxome que era a encargada da biblioteca.

Había xente lendo por toda a sala, tamén había algúns nenos. Fun onda eles. Estaban escoitando un rato que contaba un conto. O rato era grande como un home. Os nenos ollaban para el con cara de curiosidade, e tan entretidos estaban que non viron como un libro baixaba dun dos andeis.

O libro chiscoume un ollo e fíxome acenos para que o seguise. Fun detrás del coa mesma cariña de curiosidade que tiñan os nenos do rato.

—Sácame de aquí, Roi —díxome o libro—. Sen ti non son nada. Estou cheo de aventuras, de amigos e de risas, pero se ti non os coñeces é como se estivese baleiro.

Así que saímos da biblioteca a miña nai, o meu libro e eu. Aquel libro xa non era un libro calquera, levaba o



meu nome na ficha que a miña nai cubriu para poder retiralo do seu andel.

—Xa verás que ben o pasamos xuntos —díxome na rúa—. E que ben o pasarás con outros tan bonitos coma min, ou aínda máis. Sempre seremos amigos, porque ti nunca me esquecerás nin eu a ti.

Tan pronto como cheguei á miña casa comecei a coñecelo. Collino entre as miñas mans, olleino do dereito e do revés, ulino, pasei as súas follas ás présas para ver como era... e tiña razón o libro: bonito era dabondo!



Que ledicia!

Teño un segredo moi importante. Chámome Carlos, pero este non é o segredo. Teño sete anos, pero iso tampouco é ningún segredo. Estas dúas cousas sábeas moita xente. O que non sabe ninguén é o meu segredo. O primeiro que o vai saber es ti:

Quero ser un xoguete! O xoguete máis divertido do mundo!



Gustaríame ser, por exemplo, axóuxere para bebés, eles moveríanme para facerme soar e de seguro que botarían sorrisos cos meus sons.

Que ledicia!

Tamén me gustaría ser castelo de area para que eses bebés, anos despois, me construíran coas súas mans, imaxinando príncipes e princesas, cabaleiros e fantásticas aventuras.

Que ledicia!

Logo sería chapeu de copa para que eses nenos disfrazados de magos sacasen de min coellos con orellas grandes e globos de mil cores e recibisen aplausos das fadas boas.

Que ledicia!

Pero aínda hai máis, para eses nenos que xa serían mozos e mozas gustaríame ser papaventos de papel, para que me botaran a voar entre paxaros e nubes de algodón e se achegasen comigo ao sol e á lúa.

Que ledicia!



E cando, xa por fin, eses bebés fosen homes e mulleres e, se cadra, esquecesen que unha vez foron nenos, gustaríame ser os seus soños, para que cada un fixese de min o seu xogete favorito, e xogase, e xogase, e xogase ata lembrar que os maiores tamén teñen que xogar.

Que ledicia!





O rañaceos que conseguiu ser feliz

Esta é a historia dun rañaceos que naceu nunha gran cidade. O rañaceos chamábase Torre 24 e era tan alto que case chegaba ás estrelas. No rañaceos vivía moita xente. Tanta, tanta que non se coñecían entre eles. Atopábanse no ascensor ou no portal todos os días, pero case non se falaban. Por iso o rañaceos sempre estaba triste e aburrido.

O bombeiro do primeiro quería contarlle ao seus veciños o importante que era apagar incendios, a condutora de autobuses do último andar toleaba por dicirlle aos demais o lento que ía, ás veces, o seu autobús por culpa do exceso de coches na cidade; o porteiro do edificio devecía por anunciar aos veciños que ía ser pai por primeira vez, pero nin uns non outros o facían, e a verdade é que non sabían moi ben o porqué.

Pero, un día, o rañaceos, farto de tanto silencio, decidiu pechar as súas portas. De alí non sairía ninguén ata que o silencio se convertese en son, ata que o aburrimiento se transformase en ledicia.



Deste xeito os habitantes do rañaceos, cando viron as portas pechadas, empezaron a falar. O butaneiro contoulle ao camareiro que así, polo menos, descansaría de coller tanto peso, o varredor contoulle á dependenta da tenda de animais que oxalá non se abrisen as portas ata a noite e así non tería que recoller o lixo, a muller policía dicíalle ao perruqueiro que, se por ela fose, non abriría as portas, polo menos, en quince días e así descansaría de perseguir xente mala. E así un tras outro. Ninguén quedaba calado. Falaban e falaban sen decatarse de que o tempo pasaba sen descanso.

Despois de oír tantas conversas, ao rañaceos non lle quedou máis remedio que abrir as súas portas, porque o seu desexo estaba cumprido. Ademais, non podía deixar a cidade sen bombeiro, sen varredor, sen butaneiro, sen camareiro, sen policía e sen outra tanta xente tan necesaria para os demais.

Cando os veciños empezaron a saír, Xosé, o porteiro do edificio, recibiu tantas felicitacións polo futuro nacemento do seu primeiro fillo que non lle cabían no corazón.

O rañaceos non podía ser máis feliz.



A papeleira Cacheira

A papeleira Cacheira estaba farta de recibir bolazos de papel e cachiños de cartolinas. As follas dos xornais, as follas dos cadernos ou mesmo papeis en branco que as nenas e os nenos tiraban na escola non a deixaban respirar. E así un día tras outro.

«Que mágoa de papel», pensaba sempre a papeleira Cacheira. «A onde irá parar?», preguntábase cada vez que a muller da limpeza lle daba a volta para botar o seu contido nun saco negro moi grande, cheo de máis papeis.

Unha mañá de finais de setembro, como a de hoxe, a papeleira deixouse caer sobre a perna dun neno que afiaba o seu lapis.

—Ei! Chiss!... Escóitame un intre!

—Quen? Eu?

—Si, ti. Sabes de onde sacan todo isto que me tirades dentro?



—Das árbores, pinchan moitas árbores e con elas fan o papel... Pero eu estou falando cunha papeleira...!?

—Entón cada vez haberá menos árbores e, polo tanto, menos aire limpo para respirar.

—Teño que sentar —díxolle o sorprendido neno á papeleira Cacheira—. O mestre vaime rifar por estar tanto tempo de pé.

A papeleira Cacheira ficou outra vez soa e triste.

«Se eu puidese facer algo...», pensaba.

E cada cacho de papel-árbores que lle caía, lembráballe a soidade das fragas, os paxaros sen niños, os nenos sen xardíns e o mundo sen flores.

Ao rematar as clases da mañá foi xunto ás outras papeleiras da escola para convocar unha asemblea. Todas elas se reuniron na aula de 2º para falaren sobre o que lles preocupaba.


—Algúns nenos —dixo unha— tíranme cadernos enteiros case sen usar!



—Está ben —argumentou outra—. Está claro que máis ou menos estamos todas na mesma situación, aínda que, tamén é certo, xa hai moitos nenos e maiores que respectan a Natureza. Daquela que vos parece se facemos algo para as persoas que aínda non pensan moito nos demais nin coidan do medio natural?

—Si, si. Iso está moi ben pensado —aceptaron as demais papeleiras.





Ao día seguinte, cando as nenas e nenos entraron na escola, viron, abraiados, como nas súas aulas no lugar da papeleira agora había unha árbore de papel e que as súas follas eran letras. Ordenáronas e decontado puideron ler: *Queremos vivir!*





Os tres viaxeiros

Unha mañá, alá polo mes de maio, a nai de Catuxa, a tartaruga, a de Xenaro, o xílgaro, e a de Carlota, a troita, atopáronse diante da escola cando ían buscar os seus fillos. As tres falaban a un tempo sen escoitarse entre elas e sen saber que todas estaban a dicir o mesmo: ao día seguinte Catuxa, Xenaro e Carlota irían de excursión por primeira vez.

—A miña filla —dicía a tartaruga— vai ao parque de atraccións montar na nora xigante e a estar arriba-abaxo mentres que a roda non deixe de xirar. Leva noites soñando coa montaña rusa e pensando en que será a velocidade, pero nin o seu pai nin eu somos quen de falarlle dese tema, porque non sabemos o que é. Terei que prepararlle unha boa merenda: chocolate con pan e froita.

—Pois o meu Xenaro —dicía a nai do xílgaro— vai visitar unha tobeira de toupas de toupeira con todos os da súa aula. Nunca tal cousa viron. Está tan ledo que non deixa de cantar. Teño que prepararlle algunha cousiña



para levar e, se me deixades, quérovola contar: roupiña para poñer cando estea debaixo da terra, unha lanterna para non se perder e os seus granciños de millo para comer.

—Pois a miña troita —dixo a nai de Carlota— deixa o río polo mar, troca o doce polo sal, pero só mentres dure a visita polas augas do océano. E se non me esquezo de nada ten que levar escafandro para non afogar e lentes de mergullar.

E nestas estaban, cando Catuxa, Xenaro e Carlota saíron pola porta de atrás do colexio sen que as súas nais os visen. Querían preparar a mochila da excursión.

—Eu levarei auga limpa para o mar —dixo Carlota— pelotas para xogar e un peite para desenredar as ondas.

—Pois eu —dixo Xenaro— non marcharei sen o sol para alumar e aire para respirar.

—Ai de min! —dixo Catuxa—, un casco hei levar, se non quero marear.

Unha tarde, alá polo mes de maio, a nai tartaruga, a nai xílgaro e a nai troita axudaron aos seus fillos a



soñar. Unha noite, alá polo mes de maio, o pai tartaruga, o pai xílgaro e o pai troita axudaron aos seus fillos a cear.





Lousa quere descansar

Estes días comeza a ulir a verán. É un recendo tan arrefecente que ata as flores teñen máis fragancia. As cidades empezan a quedar baleiras de xente que vai para o mar e as montañas.

A escola tamén vai quedar baleira das nenas e dos nenos que marchan de vacacións. En dous meses non haberá rapaces dispostos a aprender nin mestres querendo ensinar. Xa non se oirán os berros dos raparigos no tempo do recreo, nin as voces dos mestres no tempo de traballar. En moitísimos días nos deixarán descansar.

Eu son Lousa, o encerado de segundo, a amiga de Branca, a xiz, e mais de Amador, o borrador. Nós non imos a ningures, ficaremos na aula esperando que as mans de novos nenos e nenas nos collan outra vez alá para setembro. O derradeiro día deste curso haberá festa para todos. Os rapaces fan un festival onde cantan, bailan, xogan e rin ás gargalladas. Sabémolo porque eses días ensaian as cancións e os bailes. Os xogos



e os risos non lles fai falta preparalos porque sempre lles saen á primeira.

Nós, cando os pupitres quedan sen libros, deitámonos a descansar, que cada quen fai a festa á súa maneira. O que si facemos sempre é prometernos non roncar e dicirnos ata logo, ata despois do verán.

Estes días a aula está chea de ilusións, de esperanzas e de soños. Branca xa non debuxa case números nin letras. Pasa por riba de min trazando paxaros, ríos e fogueiras de San Xoán. Amador, o borrador, xa non desfai contas nin palabras. Pasa por riba de min descompoñendo soles, nubes e bolboretas. Eu xa non sosteño nin frases, nin problemas de sumar e de restar, só me deixo acariñar polas ondas de cores, polos montes de cristal, polas luces das estrelas, polos dedos dun rapaz.



O mar das sereas

O meu pai era mariñeiro. Chamábase Xoán. Unha noite marchou ao mar que tanto amaba e non volveu. Seguro que aínda hoxe anda collendo camaróns cos trueiros que o meu avó lle deixara como tesouro de pirata, ou se cadra anda detrás de polbos coas poteiras que lle deixaron unha vez os Reis Meigos.

Onte soñei que unha serea levaba o meu pai a ver peixes de cores, cabaliños de mar, estrelas que se moven baixo a auga, baleas que non escapan dos arpóns e golfiños que xogan ás carreiras. O meu pai ía tan ledo e tan entretido que nin sequera me viu. Eu estaba preto das rochas onde collía percebes para vender na lonxa, xustiño enriba da rocha que pisou antes de que unha onda revoltosa o levase para que xogase sempre con ela.

Eu chámome tamén Xoán e tamén serei mariñeiro como o meu pai. Hoxe fun á praia ver os barcos que van lonxe pescar xardas, bonitos e atúns. Sempre imaxino que vou nun deles botando redes e recollendo pei-



xes para traer á terra. Sempre imaxino que o meu pai me agarra forte para que unha serea non me leve brincando coa espuma de mar.

A miña nai vai con nós. Ela agarra o meu pai aínda máis forte para que unha onda revoltosa non o suba ao ceo a rebuldar coas estrelas que non se moven baixo a auga. Ela agarra o meu pai coa corda do corazón, non con aquela corda que rachou unha noite que o meu pai baixou a coller percebes para a miña nai e para min.

Se algunha vez as sereas nos volven xuntar, agarrarémonos tan forte que nin o mar será quen de separarnos.



Zapatóns

Zapatóns érguese cedo todos os días. Zapatóns chámase Zapatóns porque ten os pés moi grandes e usa zapatos de xigante. Tenos tan grandes que non pode vivir en ningunha cidade. Vive no rural porque o campo é moi extenso, moito máis que a cidade.



A súa casa ten unha horta enorme. Na horta ten de todo: tomates, patacas, chícharos, feixóns, cenorias, cebolas etc.

Zapatóns non é zapateiro. Como traballa no campo é agricultor. Zapatóns non vende zapatos, como ten animais na súa casa é gandeiro. Ten porcós, vacas, galiñas, coellos, cans, un burro e abellas. Das abellas saca mel, do burro couces, dos cans moito cariño, dos coellos máis coelliños, das galiñas ovos e, cando son vellas, carne de galiña, das vacas leite e dos porcós saca de todo. Os porcós son os seus animais favoritos, e por que? Porque de pequechos son bonitos como ningún, e cando medran son ricos como ningún.

Zapatóns, cando o sol vai deixando paso á lúa, rega todo o verde que hai ao seu redor. Ten que ir amodiño para non estragar cos seus grandes zapatóns todo o que plantou.

Pola noite gústalle limpar as súas botas e os seus zapatos, sacarlle a terra pegada e a caca dos animais, pola mañá botar de comer os animais e mirar o ceo para ver que tempo irá. Chucha o dedo e pono cara ao vento, así veña do norte, do sur, do leste ou do oeste será o día.



«Cousas de vellos!», pensa el, pero sempre atina. Polo serán traballa na horta recollendo os froitos maduros e sacando a maleza.

Para Zapatóns sempre é verán, aínda que caian chuzos e vaia frío. E por que? Porque é feliz!



A orquestra animada

Na miña vila hai feira dous domingos ao mes. Vén xente dos arredores para mercar e vender. Hai tanta xente e tantas cousas que a vila queda pequena.

Na última feira, mentres os meus pais andaban polos postos dos ovos, das patacas e dos queixos, eu fun ver as bestas. É o que máis me gusta da feira. Cabalos, ovellas, burros e vacas están por alí como se aquilo fose o campo de todos os días.

Os brúidos das vacas mestúranse cos orneos dos burros, e os rinchos dos cabalos acompañan os beos das ovellas formando unha orquestra animal sen afinar. Eu son o



director. Os meus brazos son as batutas e a súa pel o traxe de gala. O público oe pero non escoita. Eu si. No intermedio da sinfonía mesmo me pareceu oílos falar.

—Aquel vén por min —dixo o cabalo violinista á ovella trompetista—. Xa verás como agora me mira os dentes e as ferraduras dos pezuños e se pon a falar co meu dono sobre os cartos que lle quere dar por min.

—Pois non te queixes —replicoulle a vaca pianista—. Eu deixo fillos na corte e non sei se volverei velos.

—Non vos poñades así —díxolles o burro frautista, que non era tan burro—. Somos bestas e vivimos como animais, que é o que somos.

—Leva razón o frautista —dixo a ovella trompetista, mirando para a pianista—. Xa sabes o que se di: A vaca é de onde paze, non de onde nace. E se non entendes, preguntalle a ese neno que nos está escoitando, ese que ten cara de listo e que está agachado detrás do enreixado.

—Ei! ti, rapaz, como te chamas? —díxome o violinista.

Díxenlle: —Chámome Martiño.



—Que quere dicir iso da vaca que paze? —preguntoume o cabalo.

—Quere dicir... —murmurei—. Pregúntalle a outro, eu marcho coa música a outra parte.

E saín correndo deixando a sinfonía sen final. Non sabía que contestar, só teño oito anos.





—Bee, muu, iiiiii, io io... —escoitei, mentres os deixaba atrás.

O resto da xente que alí estaba tampouco lles contes-
tou, e tiñan máis de oito anos!

Cando sexa maior, pensei ao ver os meus pais comendo
polbo, empanada e chourizos nun recuncho do recinto,
serei feirante, falarei coas bestas e dirixirei a orquestra.





O concurso de Ramona

Unha tarde do mes de Febreiro a filloa Ramona escapou da cociña onde estaba xunto a outras filloas, orellas, lacóns, patacas e grelos, para coñecer mundo. Sabía que se ficaba na filloeira en pouco tempo aparecería no bandullo de alguén, e Ramona non quería desaparecer tan axiña.

Así que sen coller nin sequera azucre ou mel para o camiño, marchou da casa na procura de mellor sorte. Ramona chorou ao despedirse da orella Rosalía, a súa mellor amiga, aínda que non se parecesen en nada. A filloa era ben feituquiña, redondiña, suave, dunha cor dourada como o trigo no verán. A orella era mal feita como unha nube sen forma.

A filloa Ramona camiñou ata que se cansou, ao tempo que a noite apagaba o día. Botouse a durmir debaixo da lúa tapadiña coa manta das estrelas. A mañá seguinte espertou co barullo da xente que por alí pasaba. Nada máis abrir os ollos viu outras filloas coma ela das mans de mulleres, homes e nenos que se



dirixían a un letreiro que dicía: *CONCURSO DE FILLOAS*. Ramona ergueuse dun brinco, estirou o seu lindo corpo e botou a correr xunto ás outras filloas.

«Presentareime ao concurso», pensou Ramona, «ao mellor, se gaño, regálanme unha viaxe con todos os gastos pagados, ou, se cadra, como son tan bonitiña, me deixan presentar un programa de televisión».

Pero que pouco lle durou a ledicia a Ramona! Cando estaba pensando onde iría de vacacións, uns dentes coméronlle un anaquiño de cara. E que cara lle quedou a Ramona! Tempo despois outros dentes quitáronlle un anaquiño de corpo. E que corpo lle quedou a Ramona!

“Um, está boísima! Si, si, é a mellor!”, oía Ramona mentres era proclamada gañadora do *CONCURSO DE FILLOAS*.

Foi cando xa estaba dentro da barriga do Presidente do Xurado, cando Ramona soubo que a súa viaxe estaba rematando e que xamais saíría na televisión.



O porco e as bolboretas

Aquel ano, polo mes de novembro, Uxía foi por primeira vez á matanza do porco. Na aldea de Uxía era costume matar o porco alá por San Martiño, e en todas as casas se xuntaban os veciños para axudarse uns a outros. Así era agora e así fora sempre.

O porco de Uxía non era seu, pero ela sentía mágoa ao ver aqueles ollos mirando a ningures e escoitar aqueles gruñidos que parecían pedir “socorro”. Os tíos de Uxía, que eran os donos do porco, xa estaban afeitos a este labor, e os seus fillos tamén.

Mentres se arranxaban os utensilios para acabar co porco, os curmáns de Uxía dedicábanse a ir comer laranxas, mazás, figos e todas aquelas froitas que atopaban na súa horta. Uxía ía con eles, non porque tivese ganas de comer, que non as tiña, senón para non ver o que ía ocorrer, ou, polo menos, perderse parte do massacre. Os seus curmáns, Carne e Lois, comían o máis rápido que podían para chegar canto antes á despedida do porco. Así facían agora e así fixeran sempre.



Pero como non hai hora que non chegue, o porco, por fin, foi sacado da corte ante a admiración dos veciños chegados ata alí ao verlle o cacho corpazo que tiña. Uxía pensou que debía pesar polo menos 1.000 quilogramos. Pobre Uxía!, o medo agrandáballe as cousas e empequeneceíaa a ela.

As cordas estaban xa preparadas, o gancho no seu sitio e os coitelos máis afiados que os dentes do lobo.

Uxía non sabía se mirar.

O porco berraba máis que os nenos no recreo.

No campo respirábase o recendo das árbores froiteiras e polo aire voaban as bolboretas.

Uxía non mirou.





A torta de Sabela

Esta noite é Noiteboa e mañá é Nadal. É Decembro e fóra da casa a neve, como se fose algodón, envólveo todo co frío. A neve cando cae sempre é branca. O frío sempre é xeado.

Hai rapaces que andan de porta en porta cantando panxoliñas. Ademais das grazas queren o aguinaldo. Parecen unha orquestra de verdade. Uns tocan a pandeireta, outros o tambor e algúns a fruta. Sempre cantan panxoliñas fermosas cheas de esperanza. O pandeiro soa forte como o trono, a fruta doce como o aire en primavera. As voces soan como sons, uns máis bonitos e outros menos.

Mentres eles cantan e tocan, eu estou axudando á miña nai a facer unha torta de chocolate. Chámome Sabela e teño sete anos.

A torta de chocolate é moi doada de facer. É moito máis difícil cantarlle á xente sen tremelicar. Como non podo ensinarvos a cantar baixo a neve, conformareime con mostrar como facer a torta. Os que non poidan



saír á rúa a cantar que queden na casa a cociñar. Ao mellor non é tan divertido pero, polo menos, non pasas frío.

O primeiro que tes que facer é mercar os ingredientes que vas necesitar: galletas, leite, manteiga e chocolate. Despois tes que lavar as mans, que, de seguro, as terás sucias. Logo pos o leite a quentar nun cazo e a manteiga noutro. Vas collendo as galletas e móllalas no leite quente e na manteiga, logo irás colocándoas unha pegadiña á outra sobre unha bandexa. Así ata que fagas a torta tan longa como queiras ou ata que quedes sen galletas. Cando xa estean todas as galletas ben colocadas, botas o chocolate líquido por enriba. É como se fose a neve cubrindo a orquestra, só que a neve é de chocolate marrón escuro e a orquestra son galletas sen instrumentos.

Por último, desapareces da cociña deixando a torta feita e todo o demais desfeito, coa desculpa de que vas facer os traballos da escola. A ver se che coa!



#elquedolena
#bañacomósnarasa

Segundo andar





A sorte de Sabela

Esta é a historia de Sambrela, a compañeira inseparable de Sabela, a que con luz se ve e que nunca se toca. É unha nena un pouco especial, cando a luz deixa paso á escuridade ela desaparece para marchar ao país de Sombrelandia. Alí están outros moitos coma ela, esperando a luz para xogar e andar ás agachadas.

Sambrela sempre anda con Sabela, como se fosen irmás xemelgas. Sabela é unha rapaza con sorte, a súa amiga Sambrela queda con todos os catarros, as gripes do inverno, co sarampelo e coa varicela que tanto pican, por iso Sabela nunca vai ao médico. Cando cae é Sambrela a que leva o golpe, cando lle entra area nos ollos é Sambrela a que se rasca, cando come lambonadas de máis é a Sambrela á que lle doe a barriga. Así que Sabela, grazas a Sambrela e á luz, está sa como unha mazá.

Cando Sambrela marcha ao seu país, a cousa cambia. Polas noites Sabeliña xa non ten a súa compañeira ao seu carón, cando pecha os seus “olliños” imaxina como



será Sombrelandia, que estará a facer a súa escura amiga, se alí haberá bonequiñas e bambáns para divertirse. Entón, abre os ollos, acende a lámpada de noite e saúda coa súa man a Sombrelina, que está preto dela, medio durmida, medio borrosa, porque non hai moita luz.

Sabela quere tocar, Sabela quere falarlle, aínda que sabe que ninguén lle contestará, Sabela aínda quere xogar. Érguese un pouquiño da cama e coloca os seus dedos diante da luz para crear pombas, cans, paxariños e mil cousas máis que lle fan rir ás gargalladas. Sambrela tamén ri, e bocexa de cando en vez, o mesmiño que Sabela, mentres que os seus dedos traen pombas, cans e paxariños á parede do cuarto.

Pouco a pouco o sono vai entrando no xogo. Os ollos de Sabela vanse pechando, ao tempo que as súas mans deixan de moverse. A nena apaga a luz. O seu corpo xa non quere xogar. Os seus soños marchan na procura de tobogáns e aventuras xunto a Sambrela. Sambrela está deitada, pero non durmida. Anda contándolles ás súas amigas, as sombras, que lle doe unha moa, que terá que ir onda Bautista, o dentista, para que lla curar, que é por



mor da súa xemelga Sabela que non para de comer lambonadas, pero que, a pesar de todo, non pode vivir sen ela. E nunca máis verdade dixera. Sabela dorme feliz, porque sabe que Sambrela sempre estará xunto a ela.



Carminha e Maruxa

Este outono non penso marchar a ningures. Estou farta de viaxar todos os anos ao mesmo destino e sen maletas. E, ala!, ao chegar a comezar de novo. Afaste a aquilo e, zas!, despois duns meses de volta para acá sen maletas. A miña familia non me fai moito caso, pensan que chegado o frío marcharei na procura da calor. As miñas amigas dinme que estou tola, que unha andoriña naceu andoriña para ir e vir como as ondas. Pero Carminha, que son eu, quere quedar por máis tempo no mesmo lugar.

O malo da miña decisión é que ninguén quere quedar comigo. Nin andoriñas, nin cegoñas, nin merlos... Vou ver se, polo menos, conenzo a miña irmá Maruxa.



Ela é noviña e, ao mellor, por non marchar sen a súa Carmiña... Viviremos onda sempre, no niño onde nacemos e ao que volvemos despois de cada viaxe. Está feito de lama, plumas e de cousas suaves que imos atopando cada día. Maruxa sempre di que debe ser o niño máis quentiño do mundo.

—Estou leda de non marchar, Carmiña. O ano pasado fun de última todo o tempo. Pensei que non chegaba.

—Chegar, chegabas, muller, que xa ía eu pendente de ti. Non vías que non che quitaba ollo?

—Eu non vía tal, Carmiña. Só tiña forzas para resollar e non caer.

—Non digas parvadas, muller. Mamá e papá tamén ían pendentes de ti. No entanto este ano... terei que traballar a reo, Maruxa, para saír adiante. Ti tes que ir á escola cos xílgaros e coas pombas. Eu buscarei algo de calefacción para non morrer co frío no inverno. Esperaremos na casa a que volva a primavera.

E o mal tempo chegou, porque todo chega. E Maruxa aprendía e aprendía. Gustáballe ir ao colexio, e ler e



xogar a perseguir bolboretas. E Carmiña traballaba e traballaba. Gustáballe mirar o xornal para saber se a chuvia ía parar algún día e se o frío deixaría de conxelar as súas ás.

De cando en vez recibían novas da familia e das amizades. En todas elas lles dicían o mesmo: “Aquí vai calor, aínda chegades ao bo tempo”. Pero Carmiña e Maruxa non facían caso. A primeira xa estaba acostuada a voar debaixo dun paraugas, a segunda xa estaba afeita aos recreos no patio cuberto. E o seu niño sempre estaba cheo de visitas. Se non era a gaivota Tota, era o canario Macario, e se non a pomba Xomba. A cousa era ter amigos e amigas con quen falar e pasalo ben.

Pouco a pouco as andoriñas irmás foron converténdose nos paxaros máis queridos do lugar. O frío xa non conxelaba as súas ás, porque sempre había calor abondo ao seu redor.

Maruxa aprendeu a escribir e mandaba cartas aos seus pais contándolles que a chuvia é fermosa, porque regala en cada pinga un cachiño de ceo. Carmiña era feliz



sucando o aire baixo as nubes e ante as miradas das persoas que, fregando os ollos como para despertar dun soño, saudaban á andoriña máis valente do mundo, a aquela andoriña que un día de outono decidiu trocar o sol pola auga para ensinarlle a súa irmá que a calor non vén sempre de fóra, que o bo tempo está nos corazóns, e que os niños quentes se fan de lama, plumas e de sorrisos.






Choveparriba

Na vila de Choveparriba non pasan as cousas que pasan nas outras vilas. E non é cousa de dous días, é así polo menos desde que a vila se chama Choveparriba. E por que se chama Choveparriba? Pois por dúas razóns: porque o nome lles debeu parecer máis bonito que Luadía ou Noitesol, e porque o tempo vai tolo.

Agora que o outono vai pechando as portas aos raios de sol, os veciños da vila preparan a roupa de verán, gardan os paraugas e agardan a sarabia como auga de maio.

Contan en Choveparriba que hai moito, moito tempo, o vento, a chuvia, a neve, a sarabia, a xeada e o frío chegaron alí por casualidade unha noite para pasar uns días de vacacións, porque estaban xa un pouco cansos de traballar. Debía ser polo tempo do Magosto, cando os castiñeiros deixan caer os ourizos á terra para que as puntas das botas saquen deles as ricas castañas, e para que os nenos e nenas leven colgados do seu pescozo colares de castañas cocidas moito máis grandes



que as perlas do Caribe. Pois foi por estas cando os seis visitantes deixaron que a tenue luz do sol alumase os sorrisos dos cativos tolos de ledicia por poder saír ao parque a xogar cos castiñeiros.

A neve, a chuvia, o vento, a sarabia, a xeada e o frío nunca pararan para ver tal cousa e quedaron tan enfeitizados da maxia das súas risas que decidiron que desde aquela, nesa vila e para esas xentes, eles nunca máis causarían problemas.

A chuvia era a máis abraiada e tamén a máis mollada, xunto coa sarabia. Quedaron as dúas agachadas xunto á neve, que co seu branco manto non deixaba de protexer as súas húmidas compañeiras de fatigas.


A xeada e o frío sentaron xuntos e moi xuntos para quentar unha ao outro e o outro á unha tanto como puidesen, aínda que a dicir verdade pouco puideron. Non tiñan calor que darse por moito que eles quixesen, e é que non se pode estirar máis o pé do que dá a manta, como din en Choveparriba.

O vento era, sen dúbida, o máis farruco. A pesar do descanso non deixaba de resollar, así que foi o encar-



gado, a petición dos outros cinco, de darlles a nova aos habitantes da vila. E que nova? Pois, manda truco! A chuvia e a xeadada non volverían mollar, caerían como burbullas de xabón para regar os campos e zarrapicar de vida á natureza. A sarabia sería quentiña e de cores para darlle pinceladas vermellas, alaranxadas, amarelas, verdes, azuis, anís e violetas ao tristeiro inverno. A neve ficaría nun alto do ceo para facer un teito case





infinito e o vento, madia leva!, o vento pararía de soprar para deixar as cousas no seu sitio.

Contan en Choveparriba que desde aquela noite o nome da vila desapareceu do mapa para que ningún lóstrego perdido chegase buliciosamente apagando os sons das balocas. Contan en Choveparriba que desde aquela noite a súa xente, cando vai chegando o mal tempo, pon boa cara.





O fillo da Lúa

Hai moito tempo existiu un país chamado Silandei. Nel gobernaba un rei bo chamado Nonsei que pasaba o día intentando axudar aos seus súbditos. A súa muller, a raíña Iñoro, tamén vivía ocupada procurando regalar ledicia aos seus vasalos.

Era un país fermoso con moitas flores e paxaros sen gaiola que non había que amarrar, porque non querían marchar a ningún outro lugar. As árbores daban as froitas cada temporada e das hortas collíase todo o que antes se sementara.

Os homes e mulleres de Silandei vivían ditosos, porque facían do seu traballo un divertimento. Cando chegaba a noite, e a escuridade gañáballe a partida á luz que antes había, unha pregunta perturbaba os seus sonos:

—Por que as risas dos nenos non se oían como noutros países?



O rei Nonsei mais a raíña Iñoro decidiron entón descubrir que pasaba. O seu reino non sería un reino ata que as gargalladas dos rapaces non espertasen o vento.

—Fáltache algunha cousa para ir á escola, rapaz?
—preguntáronlle a Roi, o fillo do ferreiro.

—Non, Raíña, teño de todo.

—Necesitas algo que che poidamos dar? —preguntáronlle a Martiño, o fillo do zapateiro.

—Non, Rei, os meus pais cóidanme moi ben.

—Gustaríache vivir noutro país? —preguntáronlle a Antía, a filla do mensaxeiro real.

—Non, este é o máis bonito.

E así, un tras outro, foron preguntando a todo canto raparigo atopaban na súa busca. As respostas ensombrecían as súas ilusións, pois ningunha daba idea do que sucedía.

A noite, adornándose de estrelas, comezaba a saír á escena para mostrar a súa beleza. A noite, como o día,



non coñece de espera e, ante a súa chegada, os reis tristes polos a escuridade dos seus corazóns, tomaron o camiño de volta ao castelo.

Cando ían montar nos seus cabalos oíron a voz dun meniño, o fillo da vida, que estaba a falar coa lúa:

—Baixa un pouquiño comigo, que os amigos que aquí teño non saben o que é xogar, e por iso os seus sorrisos nunca chegan a estoupar. Baixa pelota do ceo, baixa un pouquiño a brincar que de mañá xa non pasa que lles ensino a xogar.





Os cinco amigos

Unha vez atopáronse cinco amigos que había moito tempo que non se falaban, aínda que se vían a miúdo. Os cinco tiñan os mesmos anos e máis ou menos foran educados do mesmo xeito.

—Home, que tal? —dicíanse uns aos outros.

—Ben, e vós? —contestaban os cinco a un tempo.

—O mellor —dixo o máis pequeno, que se chamaba Maimiño— é que falemos dun en un para entendernos ben, porque, se falamos todos xuntos, seguiremos achegados pero sen coñecernos.

—É verdade —dixo o máis gordo, que se chamaba Polgar—. Se non vos importa, empezarei eu, que teño ganas de ser o primeiro. Estadés de acordo?

—Estamos, si —contestaron os outros catro—. Pero comeza decontado que non podemos estar parados moito tempo sen traballar.



—Tedes razón, compañeiros. Atentos que vou: Eu chá-mome Polgar, traballo de autostopista facendo sinais aos coches para que paren e me leven a ver mundo. A verdade é que cada vez traballo menos e non é pola miña culpa, dinnos que é pola desconfianza da xente e cousas así que non acabo de entender. Cando non fago autostop, estoupo campañas no campo. Quen é o seguinte en falar?

—Eu —contestou o que estaba xustiño ao seu carón—. Eu son Índice e dedícome, entre outras cousas, a premer nos timbres das portas e a rascar nos ollos cando pican. Tamén traballo sinalando o que se ve o meu redor, e cando non me ven paso o tempo sacando mocos do nariz e pegándoos en calquera lugar agachado. Tamén me dedico a...

—Cala xa, Índice, que nos vas deixar sen nada que facer nin que contar —dixo o que estaba ao seu lado—. O meu nome é Corazón, aínda que algúns tamén me chaman Maior. A min encántame pasar as follas dos libros de contos para chegar ata o final e sabelo todo. De cando en vez...



—Deixádeme un pouquiño para min, ou!, que son seguramente o máis fachendoso. Moitos homes e mulleres me poñen aneis, sobre todo, un dourado cun nome e unha data no reverso. Pero aínda que me gusta estar guapo, tamén paso os meus malos intres, cando algunha agulla me pica para me amolar, e todo por non poñerme dedal. «Estache ben, Anular!», dígame a min mesmo, «A próxima vez non empuxes con tanta forza e sen ningún coidado».

—Coidado ti, amigo, que vas quedar canso de tanto presumir. E logo, que queda para o máis pequeno, abusóns? Que saibades que tamén eu presumo, ás veces, como o anular e case todos vós, aínda que o meu oficio verdadeiro é o de limpar orellas-sacatapóns. Nos meus tempos libres dedícome a meterme nos buratos que vou atopando e, ás veces,... levo cada sorpresa! Ei, mirade!, que aí vén unha luva onda nós con pinta de facernos calar. Ei!, colegas!, esquecíame de dicir o meu nome...

—Maimiño, ata outra —dixéronlle os outros.



Os tesouros agachados

Maruca apareceu de súpeto, como aparecen as treboadas no verán, unha tarde de frío e chuvia na area da praia. Tiña os ollos abertos e no seu ollar aparecía o cansazo dunha longa viaxe.

—De onde ves? —pregunteille sen lle dicir nin sequera o meu nome.

—Veño de alá, daquela raia que alonga o mar do ceo, vela?

—Vexo, si; sempre a miro para ver se se torce, pero aí a tes, dereitiña coma un pau.

—Levas aquí moito tempo? —preguntoume Maruca.

—Moito, todo o que lembro. Algunhas amigas deixaron a area hai anos, pero eu sigo onde me atopo. E non quero marchar. Son ditosa cando a auga do mar me acaricia e me regala a frescura que lle sobra. Son feliz cando os rapariños xogan comigo e me cobren de area. Son tantas as cóxegas que me fan que case estoupo coas gargalladas.



—Eu nunca podo xogar con nenos —dixo Maruca—. Non me gusta estar fóra da auga, prefiro facer carreiras cos cabaliños de mar ou xogar á noite coas estrelas. Son ditosa cando os rodaballos se agachan debaixo dos tesouros mariños. Son feliz cando as sardiñas dan pinchacarneiros sen parar para ir á escola.

—Quen fose rodaballo para ver os tesouros! —dixo a buguina Mariña—. Ti viches algunha vez algún deles?

—Ben de veces, comadre —replicoulle Maruca—. E non teñas mágoa que ti non vas quedar sen velos.

E decontado a pescada Maruca montou a buguina enriba dela e marchou mar a fóra na procura dos tesouros agachados. Ao pouco asomaron. A buguina estaba tola de alegría. Diante dos seus ollos apareceron todos os nenos do mundo e todos tiñan ganas de xogar con ela.

—Que, Mariña? Quedas ou volves á beira?

—Quedo, ou! Non pode haber cousa mellor. E ti?

—Eu teño que marchar —dixo a pescada—. Sei dunhas algas que tamén necesitan de min. E están moi lonxe,



como estabas ti. Elas tamén teñen os seus tesouros agachados.

—E ti, atopaches os teus? —preguntou a buguina mentres empezaba a pasar dunha man pequena a outras igual de pequenas.

Pero Maruca xa marchara sen despedirse. Mariña quedaría sen saber o segredo da pescada, nas mans de todos os nenos.

Maruca marchara sen saber que ela mesma era o seu propio tesouro.





A raiña do ceo

Todos os anos cando chega este tempo o mundo semella volverse tolo. Os nenos son vellos, os homes mulleres, o meu pai elefante e a miña nai toureiro. Eu convértome en crego, con só oito anos, para que os meus veciños me chamen irmán Xosé. Madia leva!

O único que non parece trocar é que a noite é noite e o día día e o meu xílgaro Perico que segue coas súas plumas de cores e os seus xogos brincadeiros. Onte pareceume que ata as nubes andaban de Entroido. Subín ata o máis alto da vila, que é o Miradoiro da Lúa, e púxenme a escoitar as nubes. O vento achegábase as súas palabras e a néboa cubríame co manto do misterio.

Alí arriba as nubes tamén estaban de festa. Antes de que rematase a luz daríase a coñecer “A raiña do ceo”, nome que recibiría a nube que levase o disface máis bonito. Andaban elas de acó para aló preparándose para o acontecemento. Nunca tal cousa se vira alá no ceo. A máis fermosa sería elixida polas demais e tería



de agasallo unha estancia individual de dúas horas no medio do ceo para poder ser admitida e valorada.

Empezaba o desfile de disfraces cunha nube-bolboreta.

—Que cousa tan xeitosa! —dicían as outras, convencidas xa de que esa sería a gañadora.

En segundo lugar, unha nube-margarida facía o deleite das que alí estaban congregadas.


—Oooooohhhh! —comentaban a un tempo, dispostas a darlle o título á flor.

Pouco despois apareceu unha nube-andoriña.

—Non pode haber nada máis churrusqueiro! —exclamaba o público asistente.

E cando xa estaba o xurado a piques de tomar unha decisión, ben difícil por certo, apareceu a nube-?.

Era, sen dúbida, merecedora de afagos. Mesmo a bolboreta soubo que esa sería a elixida, moi ao seu pesar, antes de que o xurado decidise quen era a máis fermosa. As nubes decidirían, porque todas formaban parte do xurado.



Unha por unha foron votando pola “Raíña do ceo”. E a derradeira foi a que levou todo o beneplácito. Á hora de dicir o seu nome foi cando ningunha se puxo de acordo. Parecía que estaban a falar de nubes distintas. Unha dicía a “nube-sol”, outra a “nube-mazá”, outra a “nube-árbole” referíndose a mesma nube. Decidiron para saír de dúbidas preguntarlle á nube.

—Vou disfrazada do que estades a ver, por iso teño mil nomes —dixo a premiada ás outras.

—E que as nubes somos así! —díxome no Miradoiro da Lúa.





O fillo do panadeiro

Na Rúa das Pombas van abrir unha tenda nova. Os veciños andan falando sobre o que van vender. O carteiro pensa que pode ser outro salón de peiteado, o da panadería de abaixo está seguro de que será unha hamburguesería desas con nome en inglés e Maruxa, a da peixaría, di que, mentres a ela non lle veñan vender máis peixe, tanto lle ten se é unha cousa ou outra.

Nesas estaba a xente cando unha mañá do mes de marzo, o velliño Xosé chegou á porta de Tomás, o panadeiro, e dixo:

—A tenda é miña.

—Cala, ou! —díxolle Tomás—, e non vaias dicindo parvadas por aí. É túa! É túa!, que cousas se che ocorren!

—E que vas vender? —preguntoulle Tomasiño, o fillo do panadeiro.

—Vou dar o que me pidan.



—Pero, Xosé —volveu falar Tomás—, deches un golpe na cabeza?

—Non, Tomás, non. Digo verdade. A tenda é miña.

—Pero se ti, Xosé, xa levas tempo xubilado e nunca falaras nada nin de tendas nin de cousa parecida —replicoulle o panadeiro.

—Déixao, papá —dixo Tomasiño—, seguro que anda de leira con uns e con outros. Non ves que ten cara de risa?

—Levas razón, fillo, xa me parecía a min que era unha broma... Ata logo, Xosé. É que temos moito traballo —dixo Tomás, deixando ao velliño con moitas cousas que dicir á porta da panadería.

Logo duns días a entrada da tenda abriuse para apagar a curiosidade na Rúa das Pombas. Non tiña letreiros de cores nin nome ningún. Tomasiño soubo que estaba aberta porque puido entrar. Detrás dun mostrador estaba Xosé sentado nunha cadeira. A Tomasiño tremeulle o corpo. Xosé, chiscando o ollo, díxolle:

—Remataches xa o traballo co teu pai? Teño unha cousa para ti.



—Non estás amolado comigo?

—Non, filliño, que agora son eu o que non teño tempo para esas parvadas.

—Por que abres a tenda, se está baleira? Non ves que a xente vai pensar que estás tolo de verdade?

—Nin está baleira nin estou tolo. Queres o que teño para ti ou non? Iso é o que vendo.

—Quéroo —contestou Tomasiño antes de que o velliño cansase e non lle dese nada.

—Pecha os ollos, rapaz, e escoita:

Douche, meu neno, palabras,
que che son un gran tesouro,
con elas se fan os soños,
os contos, cancións e nanas.

Douche, meu neno, o que teño:
a maxia das nosas almas,
con elas se fai a vida,
os contos, cancións e nanas.

Despois de escoitar ao tendeiro, o neno preguntoulle:



—Que me deches, ou?

—Unha poesía —contestoulle o velliño Xosé. Gústache?

—Non a entendo moi ben, fala de tesouro, de maxia, de almas... Non sei que son as almas. Nunca as vin.

—Xa o saberás cando te chegue o tempo —replicoulle o poeta.

—Canto cobras polas túas palabras? —preguntou Tomasiño coa man metida no peto, revolvendo os cartiños.

—Vouche cobrar dous bicos e unha aperta. E agora marcha que aí me vén o segundo cliente.

E así foi como o tendeiro comezou a recibir todo o cariño dos veciños da Rúa das Pombas.





O cascabel sen gato

Ramón nunca soubo de cores. Nos oito anos que tiña nunca vira o arco da vella aberto como cola de pavo real. Para el o mundo tiña que ser de cor escura á forza. Os seus ollos eran azuis como o ceo sen nubes, aínda que, ás veces, semellasen grises como o mar nun día de treboada. Ramón imaxina o mundo coas cores que el quere: as nubes laranxas, o campo amarelo e o aire vermello, aínda que na escola lle din ben de veces que cada cousa ten a súa cor.

Ramón vai á escola con outros nenos cegos coma el. O que máis lle gusta da escola é o tempo de lecer. E non é porque non queira aprender a dividir, é porque tolea por xogar ao fútbol. Os seus amigos, cando están co balón, chámanlle Ronaldiño, e Ramón entón é o neno máis ditoso do universo. Xoga de dianteiro e en todos os partidos sempre mete algún gol. Cando polas tardes sae da escola, Ramón vai ao campo que hai a carón da súa casa para sentir como os rapaces xogan un partido. Senta detrás dunha portería para que non lle dean co balón.



—Achégate, campión? —dille Miguel, un neno que tamén senta detrás da portería—. Hoxe tampouco me deixan xogar, así que estou de público.

—Eu xa estou canso de ser público —replicoulle Ramón—. Se cadra, hoxe déixannos entrar nos equipos.

—Non digas parvadas —dixo Miguel—. Ti non podes ver e eu non podoo correr.

—E que máis ten! Seguro que eles non oen tan ben coma min e por iso non vou deixar de ser o seu amigo. Eles corren moito, pero, ao mellor, non saben tantos contos coma ti e por iso non vas deixar de ser o seu amigo. Cada un é como é.

—Queres que lles pidamos que nos deixen xogar? —preguntoulle Miguel a Ramón—. O “non” xa o temos.

—Queda aquí que vou buscar o “si”.

Miguel non se decatou do que alí faláron Ramón e os demais rapaces. Ronaldiño nunca llo contou, só lle dixo que ía xogar de porteiro para que non tivese que correr moito.



Cando o partido ía comezar de novo, o neno de ollos azuis como o ceo sen nubes sacou da mochila o seu balón de fútbol. Regalaríallo a quen marcasse o primeiro gol. Todos os nenos o querían, porque facía un ruidiño como de cascabel cada vez que se movía. O balón era para Ramón o seu gatiño con cascabel. Non necesitaba velo, e Miguel non necesitaba correr para paralo. Cando o tempo do partido rematou o balón-cascabel non podía ser de ninguén, sería de todos, era libre como a imaxinación porque empataran.





No aire da Terra

Esta é a historia de dous xornais que estaban nunha
Esquina do seu quiosco falando do tempo.

—Parece que vai chover —dícialle un ao outro.

—Si, ou!, as nubes están cheas como burbullas. E nós
sen paraugas.

Ao pouco falaban dos homes e mulleres que vían pasar
por diante.

—Aí vai Manolo, o que traballa no supermercado
—dixo un xornal.

—E vai co fillo do Sr. Ramón. Seguro que teñen que ir
a algún recadiño —replicoulle o outro.

E así, falando e calando, pasaban o tempo os dous
compañeiros. Cando estaban en silencio, dedicábanse a
mirar os outros colegas que tiñan ao seu carón. Entre
eles non había palabras, nin acenos nin tan sequera
miradas, só ilusión por saíren axiña de alí para perco-
rrer o mundo.



Unha mañá do mes de abril, aló cando a vella queima o tallo, preguntoulle un xornal a outro:

—Xornal, tanto falar, tanto falar e aínda non sei o teu nome. A min chámanme *O Galego Ideal*, e a ti?

—*O Son de Galicia*.

—Xa dicía eu que me soabas.

—Pois ti, ideal, ideal, non semellas, como moito, normalíño.

—Xa está ben de leria –cortoulle *O Galego* un pouco anoxado, imos facer por unha vez algo distinto. Importaríache moito lerre o que poño? E que non sei de que trato.

—Pois na portada falas dun terremoto, dun accidente de autobuses e dun partido de fútbol. E eu? –preguntoulle agora *O Son*.

—Dun partido de fútbol, dun accidente de autobuses e dun terremoto –leulle *O Galego*.

—E nada máis? Non hai nada divertido que faga rir os lectores?



—Paréceme que non. Se cadra, non pasa nada no mundo que sexa realmente alegre; por iso nós estamos tristes abondo sempre.

—E logo, onde van as boas novas? —preguntou *O Son de Galicia* con verdadeira curiosidade.

—Ao mellor veñen na última plana. Déixame mirar —*O Galego Ideal* ollou e ollou pero non atopou nada que fixese nin sequera sorrir—. Pois estámosche ben, colega. E aínda por riba, chove —dixo mirando para o ceo.

—Deixa que a chuvia nos molle ben, Galeguiño, que agora mesmo che amaño eu isto.

—Se ti o dis —murmurou o triste xornal, pouco convencido.

Choveu e choveu, parecía que a auga das nubes non tiña fin. As pingas da chuvia salpicaban con forza aos xornais faladores. Estas pingas mesturaban as letras e as palabras facendo con elas un rebumbio de tinta e papel. Así que a chuvia parou, empezaron as gargalladas de *O Galego Ideal*.



Ao seu carón, nun xornal chamado *O Son de Galicia* podía lerse:

“As letras do alfabeto, reunidas no día de onte no aire da Terra, deciden xuntarse só para contar alegrías”.





Cousas correntes

Aquela tarde a luz do sol facía que todas as cousas parecesen aínda máis fermosas. O río semellaba un espello azulado con reflexos dourados como estrelas. As follas das árbores sacudían as derradeiras pingas de orballo deixando ver o brillo da súa cor de esperanza. As flores resplandecían no campo como coroas de pétalos preciosos. E ata o aire parecía levar cachiños de sol no seu regazo.

Aquela tarde a formiga Malandrina de volta do traballo atopouse co rato Honorato que ía visitar unha amiga:

—Onde vas, Honorato, tan elegante? —preguntoulle a formiga, que tiña ganas de conversa.

—Vou falar coa serpe Lupe, que hai tempo que non a vexo —contestoulle sen parar de andar.

—Gustaríame tanto ir contigo! Levo todo o día traballando a reo e un pouco de acougo non me viría nada mal.



—Se queres, podes acompañarme. A Lupe gústalle moito coñecer novos amigos.

—Déixasme levar a miña compañeira Boliña? É unha andoriña faladora e xogadora —preguntoulle Malandrina, desexando oír un “si”.

—Si, muller, onde caben dous caben tres, e onde entran tres entran catro, non si? —díxolle Honorato con cara de moitos amigos—. Xa estamos a chegar, así que é mellor que vaias buscar a túa amiga Boliña.

Pero non facía falta. A andoriña tamén estaba chegando, aínda que fose polas alturas.

A serpe estaba enroscada na póla dunha árbore agardando polo rato Honorato. Cal foi a súa sorpresa cando o veu chegar tan ben acompañado!

—Non foi sen tempo, ei!, rato. Pero, polo que vexo, semella que pagou a pena esperar.

A cousa é que alí se xuntaron rato, formiga, andoriña e serpe. Despois de se presentar cada un, comezou falando Honorato:



—Benqueridas compañeiras, como rato que son estaredes esperando que vos fale, por exemplo, do rico que me sabe o queixo e do malo que me parece o gato. Pois ben, non é así. Non me gusta o queixo e quero os gatos como se da miña familia fosen. Así que vós diredes, se son un rato corrente.

—Pois, se nesas estamos —dixo Malandrina—, contarei-vos que eu, en lugar de traballar como traballo, tolearía por vaguear un día si e outro tamén. Serei formiga, pero festeira tamén. Así que vós diredes, se son unha formiga corrente.

—Cala, ou!, que non remata así a cousa —interveu a serpe Lupe—. Os demais esperan de min que sexa ditosa andando a rastro polo chan e botando a lingua fóra, pero eu o que quero e voar entre as nubes e contarlle aos paxaros que a miña lingua non ten veneno. Así que vós diredes se son unha serpe corrente.

—Non serás —replicou Andoriña falando por primeira vez—, pero, que dis de min? Teño vertixe e danme medo as alturas, e para máis non me gusta marchar a ningures cando chega o frío. Así que vós diredes, se son unha andoriña corrente.



Pero ninguén dixo nada. Quedaron calados como se un silencio ladrón lles roubase as palabras. Menos mal que pasou por alí un coello sen dentes que lles dixo:

—As cousas non sempre son o que parecen.

Ao velo, botáronse todos a rir dun xeito que vós diredes, pero non era nada corrente.





O dó de peito

Polá media tarde cando o sol vai pechando os seus ollos devagariño e a lúa comeza a ensinar o seu corpo branco, a natureza respira queda o aire do solpor. No campo, esa media escuridade vai tinguindo todo dunha tonalidade escura que adormece as cores con nanas de noite. É entón cando Cirilo, o grilo máis cantor de todos os grilos, sae da súa cova para mostrarlle aos demais como se chega ao dó de peito.

Agachados entre a herba os insectos cantores comezan logo a contar as súas historias. No aire mestúranse cantos de medo, de risa, de aventuras e de amor como se fosen gotas do mesmo mar. Os demais animais da noite escoitan as palabras gozando da súa musicalidade sen entender o seu significado. Vagalumes e mouchos admiraban a beleza dos sons que eses grilos eran quen de produciren.

No entanto, Cirilo, a pesar de chegar ata o máis alto, envexaba o que non tiña: o canto dun paxaro.



—Algún día —dicíalle aos seus iguais— cantarei coma eles e aprenderei as súas historias.

—Pero ti non es ave, Cirilo, e xamais terás o seu canto —replicábanlle os que eran coma el.

Mais Cirilo oíaos sen escoitalos. Un día, deixando todo o que coñecía detrás, marchou á ermida do Monte Pequeno, onde uns gorrións estaban facendo os seus niños. Quedou preto deles agardando sen ser visto a que o tempo lle deixase coñecer novos sons. E o tempo, que nunca quere parar, permitiulle aprender un novo xeito de expresarse. O grilo, tolo de ledicia, decidiu que xa era hora de presentarse aos paxariños.

Un día, co primeiro luceiro do amencer, faloulles así aos que aínda durmían nos seus leitos de palla:

—Bos días, son Cirilo e quixese que me relatarades o conto máis bonito que saibades. Despois contareivos o meu.

Os gorrións, que teñen bo espertar, nun chiscar de ollos empezaron a narrar o mellor relato que coñecían, mentres Cirilo escoitaba. De verdade que era bonito!



Cando os gorrións, que tan ben o contaron, remataron, o grilo deulles as grazas polo favor feito e pediu desculpas por querer marchar tan de súpeto.

—É que non che gustou, logo?

—Non tal! Son, sen dúbida, as palabras máis fermosas do mundo. Pero decateime de que eu xa as escoitara alá onde eu vivo. E son igual de fermosas, aínda que soen distintas. Por iso quero volver á miña casa, para dicirlles aos que alí quedaron que Cirilo coñeceu uns gorrión que cantaban tan ben como grilos.

Meu dito meu feito. O que chegara ao dó de peito despediuse duns paxariños que tamén eran amigos.





O paxaro e a primavera

Dime paxariño por que voas tan alto
e deixas abaixo mil risas sen pranto.
Quero ver quen vén por alí chegando,
paréceme o vento que algo vai contando.
Dime paxariño se estás escoitando
contiños de fadas ou nenos cantando.
Escoito que as flores xa non teñen frío
e que os caracois saen ao camiño.
Dime paxariño que ten o salgueiro
que as súas follas brillan como as do ameneiro.
Éche a natureza que volve vivir
para espertar despois de durmir.
Dime paxariño se os caraveis pintaron
con moi lindas cores os seus novos talos.
Os xasmíns, papoulas, xeraniumos e rosas
colleron do sol pinturas e luz, e dime unha cousa
Quen es ti, filliña, que tes nas túas verbas
o mel e a dozura que dan as abellas?
Son a primavera que vén buscarte
para regalarche ledicia e tenrura.






Boas pulgas

Ramona sempre soñara con marchar a algures a pasar uns días de vacacións, e agora, coa chegada do bo tempo, a idea non se lle ía da cabeza. Ramona vivía cunhas amigas no pelo do gato da señora Andrea. E a verdade é que vivía moi a gusto alí, sempre quentiña e ben alimentada. As súas amigas non pensaban ir a ningures este verán, pero a pulga Ramona toleaba por cambiar de aires e coñecer novos pelos e novos lugares.

—Queda aquí, que aí fóra non sabes o que vas atopar —diciánlle as súas compañeiras de casa—. Polo menos Boniato —que así se chamaba o gato da señora Andrea— está contento con nós e non fai moita cousa para botarnos do aluguer.

—Pero é que eu quero coñecer mundo. Gustaríame ir a un campamento de verán con pulgas doutros lugares para aprender delas moitas cousas que non sei e que me encantaría aprender —diciálles Ramona a modo de desculpa.



—Pero que tanto queres saber, cazoleira? —preguntoulle Manola, a súa amiga máis amiga.

—Pois quero aprender a falar en moitos idiomas distintos para ser unha pulga internacional, quero aprender a bailar a muiñeira para participar nos concursos de bailes galegos, quero aprender a facer poesía para regalarlla ao meu mozo, quero...

—Quero, quero, quero..., moito queres ti!, deixa algo para as demais, acaparadora, que as demais tamén temos o noso querer —cortoulle, anoxada, Manola.

—Pero, ti non dicías que estabas leda quedando no gato Boniato? —preguntoulle Ramona con retranca.

—Se teño que quedar, quedo, pero, podendo, tamén prefiro marchar uns días.

—E onde?, se pode saberse —preguntáronlle as outras pulgas.

—Desde pequena quixen coñecer o mar, e oír o ruído das ondas e montar nun barco e voar montada nunha gaivota para estar un tempo preto do ceo, aínda que non teña pelo.



—Daquela xa está todo pensado. Ti á praia e eu á montaña —díxolle Ramona, satisfeita cos seus planos estivais.


—Mais non podemos tirar por ese carro. Como imos chegar aos nosos destinos, se Boniato non pensa moverse máis de 50 metros? —quixo saber Manola.

—Afogas nun vaso de auga, non si? Mira que non haberá cans viaxeiros con ganas de non ter malas pulgas, só boas. Boniato seguro que se pon a falar con algún can que marche na procura de aventura, e entón, zas!, trocaremos de casa temporalmente e de transporte tamén.

—Estás en todo, Ramona, pero segue habendo un problema.

—Manola, seica non quedas a gusto sen atopar dificultades.

—Non é iso, pulguiña. É que non sei como imos distinguir o can da montaña e o can da praia, se non levan letreiro como os autobuses.



—Pero, animaliña, deixa de picar e pensa un pouco: o que vaia cara a arriba, montaña, o que vaia na outra dirección, praia. Ti vai preparando toalla e bañador, que eu xa me encargo de todo o demais.

E marchou Ramona imaxinando que xa respiraba o aire das alturas.

#euquedolendo
#baíaconnósnacasa



#euquitolendo
#baíaconnósnacasa



#euojedolendo
#baíaconnósnacasa

Terceiro andar





As uvas da sorte

Na aldea do meu tío André as bolboretas adornan o aire con cores que voan. O sol rega os campos con raios de luz. Ás veces, o vento acaricia as follas das árbores como se fosen cabelos dun fillo nas mans dunha nai.

O meu tío André traballa no campo. E a miña tía Fina, que é a súa muller, tamén. Teñen hortas cheas de tomates, patacas, chícharos... e xardíns pequenos cheos de flores. O meu tío André tolea por elas. Di que son o recendo da terra vestido de cores. Aos paxaros tamén deben gustarlles porque non deixan de vir onda elas.

Agora que o tempo do outono comeza a envolvelo todo coa súa luz especial, as parras do meu tío André reborndan de uvas maduras. O momento de recollelas convértese nunha festa onde as follas das uveiras semellan ser grilandas e os froitos boliñas de cor de uva. Unha tras outra van deixando a rama que as suxeitaba para pasar ao cestiño vello de vime que o meu avó fixera xa hai tempo.



—Estas son as uvas da sorte —dille todos os anos o meu tío á miña tía. Ao mellor por iso non nos vai tan mal.

—Que vai ser! Non ves que se non, sería moi doado ter fortuna. Só sería cuestión de ter moitas, moitas uvas, e a ventura non pode ser iso —díxolle a muller algo ator-dada.

—Pero as nosas son distintas, Finita. Se cadra é porque notan canto facemos por elas e porque saben que para nós son moito máis que bagazos.

—Agora si que dis verdade, André. Cada acio que hai na cesta leva todo o noso coidado. Aínda que agora as pisemos ata que boten todo o que teñen dentro.

—Non teñas mágoa por iso, muller, que non lles doe como a ti. Vou lavar ben os pés que non quero que pen-sen o que non é.

Daba risa ver o meu tío danzando en canelas mollado de viño ata os xeonllos. Desde logo non era ningún baile de salón. Máis ben semellaban pasos de desfile dados sen moverse do sitio.



As pingas de suor sobre a súa pel semellaban bochas de aire que nunca fosen rebentar. O sol ía collendo sitio para durmir naquela parte da terra que se confunde co mar. O aire traía retallos de nubes sedentas de auga.

Cando o meu tío André bebeu o seu viño, un cachiño de sorte vén tocarlle. O sorriso da miña tía Fina saudaba á noite.





Na costa da vida

As formas que a terra e o mar poden debuxar son infinitas. Non hai un cachiño de rocha que teña irmá xemelga. Non hai onda repetida en todo o océano. E mira que é grande un océano!

Picos que saen, auga que se filtra por cada burato, anacos de penedas que salpican o mar como se fosen estrelas dun ceo despexado. Así é a paisaxe da costa da vida.

Nesa costa coincidiron no principio dos tempos o cabo Punteiro e o golfo Rillote. Estaban tan preto un doutro que podían oír cada golpe de mar nas súas entrañas. Os dous foron testemuñas de moitos trebóns, moitos naufraxios e moitos días dun sol sen compaixón que secaba os seus corpos sen deixarlles nin gota. Veciños eran sen casa e sen fogar. E amigos foron despois de se atoparen.

Punteiro era, sen dúbida, máis falador que Rillote, e máis atrevido tamén. Tiña que ser á forza, aínda que non quixese. Nacera empuxando unha auga que arreme-



tía contra el cuns folgos invisibles. Polo contrario, Rillote esperaba ao que viñese recollido nun recanto como quen non sabe facer outra cousa que non sexa aturar.

—Sabes o que máis me gusta da nosa vida? —preguntoulle o cabo ao golfo unha tardiña de outono.

—Da miña o meu nome, que parece posto para facer rir o mar. E son máis formal que un neno na misa.

—Pois da miña, o sabor do sal e as sereas. Gústame tanto miralas que van pensar que me meto no océano só para velas. Pensarán que as persigo ata onde podo, ata onde me deixa este rochedo firme —dixo Punteiro, lambéndose sen parar.

—Chucha, ou! Que se non che gustasen ías aviado. Non temos outra cousa que levarnos á ...!

—Mira, unha serea —interrompeuno o cabo. Abre ben os teus poros e aproveita este intre.

Alí estaba ela, recuberta de maxia, de sal e de ledicia. Saíra do mar para falar coa noite que chegaba adurmiñada. Na súa cola reflectíase a luz de Venus que, como sempre, aparecera a primeira alá no alto, onde



ten a súa cova a fantasía. Nos seus ollos víanse os tesouros, pero non de ouro, senón de peixes, de algas e de buquinas somerxidas.

Rillote e Punteiro miraban abraiados como a noite respondía a unha serea que falaba sen palabras. Polo menos, de palabras coñecidas. A noite ría e as súas gargalladas enchían sen présas un tempo e un espazo azul.

Punteiro relambía o mesmo sal que a serea vestía. O golfo Rillote comezaba a decatarse do porqué do seu nome. Ninguén, tanto como el, podería ter tanta arrouxada.



O cantar de Friol

Cando remata o verán, o sol, un pouco canso, desprega os seus raios con menos forza. A súa luz cóbreo todo da cor do outono. No aire flotan aínda momentos dun verán que xa marchou. As augas dos



mananciais salpican as follas das árbores que empezan a caer e recobren o chan converténdoo en alfombra outonal.

Por esa alfombra camiñaba unha mañá o caracol Friol. A súa cuncha reflectía o arco da vella que lucía nun ceo apenas mollado. O seu paso era lento como o de todos os caracois. Os seus cornos apuntaban a un sol que saía timidamente das nubes baleiras de chuvia. Os paxaros entoábanlle unha canción a ritmo de pingas cadenciosas. E Friol sorría. Coñecía esa canción, oíraa desde que era pequeno e xa a aprendera de memoria. Imaxinaba os seus pais quentándose baixo os raios do sol e rindo tamén polas palabras dos xílgaros.

Ao seu carón un fungo dos piñeiros de cores fermosas miraba abraiado. Atopábase só e asustado nesa alfombra de follas caídas.

—Non me cantarás ti tamén, non si? —preguntoulle o caracol morto de risa. Todo o mundo adoita cantarme cando paso ao seu lado.

—Aínda que quixese, non podería —respondeulle Mingos, que así se chamaba—. Non sei cantar.



—Mellor para min. A verdade é que estou un pouco aburrido de oír sempre o mesmo. Como non teño présa... Se non che importa, vou parar a descansar un intre.

—Levas fame? —quixo saber o níscaro aporcado. Se hai tempo que estás camiñando de seguro que terás ganas de comer algo.

—Pois algo comía, si. Pero non vexo por aquí cerca nada que poida levarme á boca.

O fungo volvía a mirar sorprendido. Aquel molusco que tiña diante non pensaba arrancalo do seu fogar. Nin sequera, ata o momento, fixera ningún comentario sobre o seu posible pezuño.





Desde que el nacera quen por alí pasaba, só paraba para preguntarse se sería ou non venenoso. E el nunca puidera responderlles porque non o sabía. Así que agora estaba ledo de poder falar con alguén que non o vise como compañeiro de gambas nun revolto nin como o ser máis perigoso do bosque.

—Pois os dous temos dabondo —díxolle Míngos a Friol, mentres lle axudaba a buscar algo que engulir—. Ti: a túa música, eu: o meu misterio.

—Mira unha cousiña, meu cogomelo. Eu xa estou afeito á música, como ben dis, e ti, polo que parece, non queres quedar só. Así que se che parece ben, quedo contigo, a ver se nos cambia un pouquiño a vida.

—Paréceme, pero que pensas facer? —díxolle o fungo vendo o ceo aberto.

—Eu póño-me xunto a ti e, cando pase alguén preto de nós, empezo a cantar:

Raparigo, rigo, rigo
non mires con esa cara
que nin o fungo nin eu
somos como ti pensabas.



O soño de Álex

A casa de Álex está preto do mar. Desde o seu cuarto vense os arroaces mollando as estrelas con pingas de mar. Polas noites, cando a lúa é a raíña do firmamento, óense as ondas brincadeiras xogando a pillar. A Álex chístalle vivir así. Gústanlle os días de sol para facer castelos coa area da praia, e gústanlle os días de inverno para meter as botas nos charcos dos camiños.

Pero, ao chegar o tempo cargado de frío e os días con máis sombra que luz, o meniño imaxina a súa casa lonxe do vento e da chuvia. Porque lle dan medo. Mentres está esperto, aínda o vai levando, pero cando o sono lle tira das pálpebras coa forza de Ulises, o rapaz non é quen de controlar uns pensamentos que o enganan tan doadamente. Cando vai durmir, o vento e a chuvia convértense no seu peor pesadelo. O que fai o medo. O pobre neno agáchase entre as sabas e o coberter facendo deles o seu escudo de guerreiro apoucado. Pero nin con esas.



O vento, que nesas noites de temporal parece non ter amigos, batía contra as fiestras deixando en cada golpe sopros de escuridade. A chuvia, que nesas noites de treboada semella deixar as nubes baleiras de auga, petaba contra a porta da casa deixando en cada molladura anacos de ceo.

E Álex, cos ollos pechados, busca baixo o cobertor algo con que asustalos, pero non atopa nada. A súa voz non pode saír, porque o vento e a chuvia non a deixan. O que fai o medo!

Unha desas noites invernais estando o medorento Álex intentando coller o sono, a forte brisa e a auga miúda chegaron onda el. O sono marchou tan axiña como elas chegaron.

—Xa estades aquí? Por que non vos marchades tan lonxe que non poida vervos? —preguntou o rapaz, crenndo que ninguén ía contestarlle.

—Porque estamos cansos. Ti sempre estás cos ollos abertos cando pasamos por aquí, así que non che importará que paremos un pouquiño para descansar, non si?



O neno pechou os ollos para comprobar que estaba esperto. Seguía oíndo unhas voces no seu cuarto.





—Mira o que che digo, chuvia. Este rapaz está a tremer por nós, e nós estamos a tremelicar do frío. E non quero seguir así —díxolle o vento.

—Eu tampouco —contestoulle a chuvia—. Que podemos facer para cambiarlle a cara ao neno?

—Contádeme un conto —dixo Álex—. A miña nai sempre o fai cando estou nervioso.

As pantasma de Álex empezaron a falar polo baixo. Querían regalarlle algo que trocasse o medo por sorriso.

De alí a un pouco, o vento xa non sopraba, deixaba escapar historias fermosas de fadas do bosque e tesouros mariños. A chuvia acompañábo cunha música doce de melodías con corpo de nana.

O neno, por fin, abriu os ollos. Buscou entre a escuridade da noite os dous visitantes. Pero non os atopou. As palabras e os sons chegaban a el cada vez máis distantes. O sono apareceu tan axiña como eles marcharon.

Á mañá seguinte o vento e a chuvia parecerónlle máis fermosos que nunca.



Fogar, doce fogar

O príncipe Rato vivía como un rei xunto a súa muller, a princesa Ratiña, que máis que princesa parecía Raiña. Os dous pasaban o tempo correndo polo campo facéndolles cóxegas ás vacas e quitándolles o maízo ás galiñas. Vivían nun pequeno castelo de pedra con forma de hórreo xunto ao apendre. A súa única preocupación era estar lonxe do gato Michiño, un gato con longos bigotes, afiadas uñas e malas intencións, que vivía no palleiro a carón deles.

Michiño gustaba de agacharse entre a herba seca, que lle facía de alfombra, esperando a dar caza aos príncipes campestres ou meterse baixo as rodas do carro que durmía xunto a el. Pero Rato e Ratiña eran listos de máis para saber que o palleiro era sitio prohibido, porque alí tiña o seu fogar o seu único inimigo. O millo, gardado no seu castelo, protexíaos das miradas do Michiño, que a través dos belagustos intentaba cazar as súas gorentosas vítimas. Mais Michiño non cabía por eses buratos da parede, así que Rato e Ratiña durmían a pata solta cun ollo pechado e o outro tamén.



Unha tarde de xaneiro, cando os tres andaban correndo como tolos, viron que algo se movía no alpendre que chamou a súa atención. Un gorriño vermello asomou entre a leña. Debaixo del unha cara redonda con nariz recachado e grandes coloretos deixábase ollar. Os pillabáns pararon de súpeto as súas carreiras. Un anano diminuto con cara de bo viña remexer a axitada vida de ratos e gato.

—É que estou farto de vervos pasar diante de min a un lado e a outro sen facer outra cousa en todo o día. E mira que non pensaba saír ata a noite, pero é que estou un pouco atordado de tanto movemento. Son o trasno do forno vello e mantéño vivo, aínda que xa non se use. Moito antes de que vós chegarades, os donos do voso castelo facían o pan nel. Era o pan máis rico que comera nunca. Agora xa non o fan, pero eu sigo tendo no meu nariz ese recendo a maínzo que tanto me gustaba e aínda noto no meu corpo esa calor que o forno daba. Teño que coidalo para que non desapareza xamais, por iso estou aquí.

A Rato, Ratiña e Michiño non lles saía a fala da boca. Tanta era a sorpresa que tiñan!



—Por que non facedes o mesmo? —preguntoulles o do nariz recachado—. Hai un pombal no piñeiro que sería estupendo para ti —dixo mirando para o gato—. E tamén hai unha alvariza pequena para vós —dixo dirixíndose aos roedores—. Se cadra, dentro dun tempo recuperan o espírito de antano e volven facer o pan, xogar coas pombas e roubar o mel ás abellas.

E, dicindo isto, agachouse entre os madeiros deixando aos tres miróns abraiaados baixo o alpendre.





O muíño de Anxo

Cando Anxo pasaba ao lado daquelas pedras vellas Cubertas de lidro, testemuñas ruinosas duns tempos que só coñecera polas historias que lle contaba a súa avoa Carme, sempre soñaba con volver a elas para coñecer a historia a través dos seus propios ollos.

Carme tocara aquel muíño moitas veces cando era máis nova, e aínda lle parecía ter nas mans cachiños de parede daquel que fora o fuxefuxe máis coñecido da comarca. Carme pasara nel tantas horas que tiña no seu corpo o mesmo recendo que respiraba no muíño. Era recendo de río, de centeo, de millo e de terra mollada.

Anxo ulía á súa avoa cos ollos pechados pero non atopaba nela nada daquela. Tiña que ser cousa da imaxinación, que, ás veces, fai real o imposible. Porque o neno, por moito que metese o nariz polo seu pescozo, non lograba respirar o aire do pasado.

As ruínas da señora Carme non deixaban ver con claridade o que foran alá nun tempo que apenas se lembraba. O que agora non era nada para Anxo, era todo



para a súa avoa, a pesar do seu estado e do seu esquecemento.

Pouca xente quedaba que lembrase o recordo que deixaba a tafona. Si quedaban carballos, que se falasen lerían nas súas follas as memorias do veciño. Pero o carballo é calado, como a avoa do meniño, como a auga do río que pasaba axudando a xirar ao muiño. Anxo mirábaa e parecíalle ver homes e mulleres con sacos de gran chegar xunta o avó para pedirlle que nun anaco do seu tempo lle moese o millo. E o avó daba o tempo, o traballo e o agarimo, a cambio de case nada: un pouquiño de conversa e un pouquiño de gran.

Non houbo muiñeiro coma el naqueles tempos. Non houbo muiñeira coma ela despois de el.

O home de Carme deixara moitas cousas sen falar e moito trigo sen moer, cando marchou sen querer unha tarde de sol por culpa dun corazón traizoeiro. Alí quedou a muller, rodeada de pedra, de humidade e de catro fillos, facendo xirar as rodas coa auga do río.

Os que antes viñeran parolar co avó de Anxo, seguiron vindo para facer do silencio un lazo de amizade, que



medraba máis cada día. Pero non era o único que se facía maior. Os nenos do muiñeiro xogaban coas troitas mollando o aire coa auga do río. Auga que miraba un neno, parecéndolle ver nela reflectidas as mans dunha avoa botando centeo na boca do muíño.

Invernos moi fríos e doces primaveras pasaron correndo a carón do bulebule. A avoa, cansa, decidiu marchar na busca do home que quería falar. Deixouse levar por unha estrela fugaz que a vira chorar bágoas de paz. Marchou tan leda que mesmo os carballos moveron as súas follas dicíndolle adeus.

A auga do río deixou de mover as rodas de Carme e de Xulio. Pasaron veráns cargados de soles e outonos murchos facendo unha ruína daquel que fora o máis coñecido.

Contan os ameneiros que de cando en vez xira aquela nora de pedra e de millo levando ata o ceo as risas durmidas dos avós de Anxo.



A feira de Iago

Mañá é día de feira na miña vila. A miña nai xa ten preparados os queixos que vai levar. Ten moitos, porque como é domingo vén moita xente dos arredores que acaban con eles decontado. Ela di que son os mellores queixos da comarca, porque os fai con moi bo leite e moito cariño.

Na última feira de hai quince días duráronlle no posto o que dura un pastel á porta da escola. A verdade é que é a envexa do mercado. Os que están ao seu carón non venden coma ela, a pesar de ter cousas ricas abondo. A dos ovos, que se chama Maruxa, non para de preguntarlle á miña nai o segredo do seu éxito e mamá sempre lle responde cunha gargallada.

O que me fai rir a min no campo da feira é atopar zapatos xunto a coellos, coitelos cerca das flores ou saias preto dos pitiños. Aquilo é como unha tenda xigante onde cada un vende o que ten ou o que pode.



Cando eu sexa maior vou ir a todas cantas haxa. Pedireille a miña nai que me acompañe para que as súas risas me dean sorte. Eu non vou vender queixos, nin patacas, nin cebolas, penso montar o posto ao lado do do mel e vender burbullas de xabón.

O meu pai di que estou tolo, que as burbullas non teñen futuro e que sería máis proveitoso dedicarse aos cochos, que non teñen desperdicio. Pero os porcos non son como elas. Non teñen cores distintas, non voan, non estoupan no aire, nin brillan, nin desaparecen cando menos o esperas. Os porcos teñen moitas cousas boas pero non poden meterse dentro dunha cánula. Por iso prefiro as burbullas.

Penso poñer un letreiro na miña caseta que diga:

*Se as queres ver voar
con Iago tes que falar.*

Iago son eu, e como me gusta moito falar, só pedirei palabras novas a cambio das miñas burbullas. Fareinas vermellas, azuis, laranxas, grandes, pequenas... tantas e tan distintas que non haberá persoa que



non as vexa. Farei unha tan inmensa que chegará ata as bestas para que xoguen á pelota mentres ninguén vaia por elas.

Prometinlle ao meu pai que, ademais de ir ás feiras, aprenderei un oficio, por se me vai mal con elas.

E que oficio aprenderás? –pregúntame en cada festa.

E eu dígolle:

Para que ti esteas contento,
carpinteiro eu serei,
e as burbullas de xabón,
de madeira as farei.





Augas salgadas

As augas andaban revoltas polas risas e berros dos animais mariños. Pepiño, o cabaliño de mar, oíra que Lelo, o xurelo, ía abrir unha tenda moi grande cerca de alí e estaba tolo por coñecela. A tolemia non lle deixaba estar calado e foi por iso polo que se achegou onda cada un contándolles a nova.

A castañeta Cleta xa imaxinaba os pendentes que mercaría para estar máis bonita que Rita, a bonita, que sempre estaba fachendeando de ser ela a máis feituquiña de todo o océano.

—De bonita só tes o nome —dicialle Cleta para facerlle rabiar.

—Pois mira, ti nin iso, que aínda que a castañeta se vista de seda, castañeta queda.

Ao polbo Rodolfo non lle daba chegado o tempo de probarse un xersei de la para non pasar frío nas noites de temporal.



—Pois, anda que ten que ser grande! —replicoulle a pescada Amanda. Terán que facelo á medida dos teus raxos. Rodolfiño, que me parece que os xerseis normais só teñen dúas mangas. É como se eu quero poñer nos pés uns zapatos de tacón, como non os leve gardados na súa caixa...

O dos mil brazos estoupaba coa risa.

Os bancos de peixes dourados pasaban como bandadas de paxaros nun ceo de mar. Tiñan que parar o seu camiñar a miúdo para recoller unhas algas, que lles entregaban unhas sardiñas vestidas de vermello, en que podía lerse:

INAUGURACIÓN DO CENTRO COMERCIAL “AUGAS SALGADAS”

—A onde imos chegar? —diciálle aos demais o máis vello de todos eles, chamado Xelo—. Cando eu era noviño o máis que había era unha tendiña de buguinas de cores para lles regalar aos peixiños. E xa era abondo!

—Claro —replicoulle Melo, o peixe martelo—, como a ti non se che rachan as ferramentas...



—Pero de que ferramentas falas, ou!? Que pensas? Que tes martelo de carpinteiro? Non hai cravo no océano que escuadre o que tes, Melo.

—E a min, que? Tampouco podo quedar sen florete?
—preguntoulle Mada, o peixe espada.

Tampouco, espadachín, que a túa non é de rachar
—contestoulle o máis sabio de todos.

—Entón, que imos mercar en “Augas Salgadas”?
—quixo saber o seu amigo Chapela, un peixe vela máis lixeiro que o vento.

—Podes ir pasar a tarde dos domingos chuviosos
—contestoulle Mada, e tomar un chocolate quentiño na cafetaría.

Falando e falando o centro comercial abriu as súas portas. Moitos foron os habitantes das profundidades que se achegaron ata el. As escaleiras mecánicas subían e baixaban incansables levando sobre elas peixiños curiosos cargados con bolsas feitas de corais.

Xelo non entrou, preferiu esperalos dando un paseo pola fraga agochada que hai no fondo do mar.



As marabillas que alí atopou non podían mercarse dentro. Cando Mada saíu, o máis vello do lugar non puido deixar de mirar na súa bolsa. O peixe espada atopara a buguina de cores máis feitiña que vira nunca.





Malas compañías

Unha vez, no medio do camiño, atopáronse o sarampelo, a varicela, a gripe e a rubéola. Ían cada unha ao seu, é dicir, a visitar algún neno para lle enfastiar. Ían todas tan ás présas que chocaron entre si. Enfadáronse moito e comezaron a rifar. Botáronse a culpa unhas a outras do sucedido, pero ningunha quería cargar co moucho.

—Tiñas que ser ti, muller, que non paras de moverte nin un intre —díxolle o sarampelo á gripe.

—Mira quen foi falar, o que se pon colorado cada vez que lle presentan a alguén —contestoulle a gripe con cara de poucas amigas.

—É que todas sodes iguais —interveu a rubéola—. Por que non descansades unha temporada e pensades en facer algo mellor do que facedes?

«Esta toleou co golpe», pensou a varicela, «Fala como se ela fose Dona Saúde».



—Pois é verdade —falou outra vez a rubéola—. Eu non quero ser así. Estou cansa de andar a tocar a gaita e de amolar. Co que me gusta a min a ledicia!

—Pois, filliña, tarde piaches! —replicoulle a gripe—. Levas toda a vida dando febre e granciños e agora arrepiñínteste. A min tampouco penses que me tolea ser a que son. Nin sequera sei para que sirvo...

—Pois para o que todas: amolar, amolar e amolar —díxolle a varicela, convencida das súas palabras.

O enfado que tiñan ao principio ía trocándose pouco a pouco en acougo. Sen querelo o encontrón estaba servindo para que as inimigas da fortaleza falasen das súas vidas. Ningunha semellaba ser ditosa. A varicela non deixaba de se rascar e á gripe non deixaba de doerlle a cabeza. O sarampelo e a rubéola tamén tiñan o seu aquel. Ao primeiro non paraba de subirlle a febre e a segunda, aínda que era máis boiña, non deixaba de mirar as manchas que tiña por todo o corpo. Vaia panda! Estaban alí no medio do camiño, sen saber que facer para deixar de se anoxar.



—Pero, imos ver!, quen é o culpable de tanta tose, tanta febre, tanto próido, e tanto malestar? —quixo saber o sarampelo, dirixíndose ás outras tres.

—A min paréceme que é un señor chamado virus —dixo a gripe—. Cando visito algún rapaz, o médico sempre di: «Xa está o virus este da gripe, igual que todos os anos».

—Pois entón temos que ir falar con el para que nos cambie de traballo —suxeriu a rubéola.

—Pero, onde o atoparemos? —preguntou a varicela.

—Pode estar en calquera sitio —contestou o sarampelo, por aquí seguramente haberá algún, xa verás: virus! virus! virus!...

—Que queredes, ou!? Levo moito tempo escoitándovos e xa vos digo que non hai nada que facer. Dona Saúde terá que seguir loitando comigo queira ou non queira. Son tan pequeno que podo meterme en calquera sitio e son tan listo que podo cambiar de pinta en pouco tempo sen que ninguén poida facer nada. Dona Saúde nunca acabará comigo, aínda que ela sexa moito máis grande ca min.



—E máis forte tamén —dixo o aire, que coñecía ben ao que falara—. Estou farto de levarte polo mundo sen poder evitalo, pero tamén sei que o que te trae te leva, e algún día, aínda que ti non o creas, levareite tan lonxe, tan lonxe, que os meniños nunca volverán saber de ti. Eles tamén son pequenos pero non parvos e poden defenderse de ti.

Aquela vez, ao final do camiño, catro vellas coñecidas quixeron soprarlle ao aire para que as levase con el máis aló do horizonte.

O aire non as levou.





Sorpresa!

A cabo de chegar a unha illa. É máis grande do que os meus ollos poden ver. Non estou só. Hai nenos e nenas, que coma min, parece que acaban de chegar. Sempre quixen estar nunha illa. Sempre quixen viaxar ata ela nun barco veleiro. Por fin, conseguino.

O barco é máis grande que a miña casa. Ten fiestras redondas polas que se pode ollar todo o que hai fóra. Eu vin un barco pirata cargado de cofres sen abrir. O capitán non tiña a pata de pau nin parche nun ollo, non tiña nada do que teñen os capitáns que aparecen nas películas, porque era unha capitá, e as súas compañeiras piratas. O barco chamábase *Sorpresa* e estaba pintado coas cores do arco da vella.

Alí estaba cando pasamos ao seu carón e alí quedou cando o deixamos atrás, no horizonte. Diante tiña a insua, unha terra por descubrir, chea de misterios e de palmeiras. Subido a unha delas había un home barbu-do cun can. Ao pé dela, unha casuca feita de troncos e herba seca. O home miroume a min, escolléndome entre outros moitos rapaces.



—Ei, o de aí abaixo! —gritou—. Non tiñas outra cousa mellor que facer que despertarme da sesta?

Coa cabeza díxenlle que non, porque as palabras non podían saír da miña boca.

—Por que vés e que queres? —berroume de novo.

—Quería coñecer unha illa só para pasalo ben —contesteille esta vez con palabras entrecortadas polo susto.

—Ah! Daquela non teño de que me preocupar. Pensei que ti tamén queredías algo de min, como algúns veñen para coñecerme e falar comigo...

—Eu nin sequera sei como te chamas —díxenlle a aquel home subido na palmeira.

—O meu nome é Robinson, e sabes o que che digo? Que vaias dar unha voltiña por aí e que me deixes durmir.

E así fixen. Empecei a camiñar sen saber a onde. Quería chegar ata a outra parte da illa. Alí tiña que estar o meu barco, segundo dixera o capitán.

A area mesturábase coa vexetación facendo unha alfombra por min nunca vista. Pasaba o tempo e a



outra beiramar non chegaba. O cansazo comezaba a poñer quilos nos meus pés e gramos nas miñas pálpebras. A casa flotante estaba demasiado lonxe...

Cando espertei, estaba metido nun globo enorme. Non era un globo de inflar, era un globo voador. Levanteime e mirei cara a abaixo. A illa non se vía por ningures. Se sucar o mar era estupendo, sentirse como





un paxaro era mellor. Podía tocar as nubes coas mans. Podía ser o neno xigante co mundo anano aos seus pés. Podía ver tantas cousas que soñara...

Unha fraga inmensa cubría o todo. Moreas de árbores apuntaban a un ceo tinguido de azul. As súas follas movíanse ao son que o vento interpretaba. A música que producía chegaba ata min clara como o aire.





O globo baixou amodiño ata pousarse sobre un anaco de terra sen arbustos. Esquíos curiosos e cervos xogadores, todos fuxidíos, deixaron paso a un grupo de homes e mulleres capitaneados por unha especie de cazador.

—Outro que vén para coñecernos —dixo o home do gorriño con pluma e arco de frechas—. Dime primeiro quen es ti e despois dígoche quen son eu.

—Son Lolo e estou pasándoo de marabilla. Viaxei en barco, en globo, no coche de San Fernando, e non sei aínda o que me agarda. Paréceme que te coñezo de algo... Sóame o teu aspecto. Pero non lembro o teu nome.

—Robin, Robin dos Bosques, seguro que me viches nalgún libro de ... Pero, onde vas, rapaz? Seica non queres escoitar a miña historia?

—Encantaríame, pero a miña nai está chamándome para ir cear. Teño que deixar de ler, pero mañá volvei buscarte para falar de ti e dos teus amigos.

Entón a Robinson e a Robin apagóuselles a vida. Lolo deixara as súas historias pechadas enriba da mesiña.



A fada Chanada

Houbo un tempo en que o ceo era como unha fraga azul, onde as estrelas eran flores dunha cor sempre brillante, ás que non lle caían as follas, aínda que chegase o outono. Neses tempos as fragas eran verdes con bolboretas de luz que as alumaban cando a noite, caladiña, chegaba a elas.

Nesa foresta vivía unha fada desde que o mundo é mundo e, aínda que os anos non parecían pasar por ela, tiña que ter polo menos dous mil. Os seres da fraga coñecíana co nome de Chanada, que na súa linguaxe quere dicir 'amiga da Terra'. Era un nome que lle viña de perlas, porque non había animal, flor, planta ou árbore que non a quixese ben.

O Sol e a Lúa vivían con ela nunha casa sen teito nin porta, que era a fraga. Cam e Mon tamén vivían con ela. Cam é azul como o ceo e Mon verde como a herba en primavera. Os dous teñen a boca na fronte, un ollo cadrado no queixo e tres pernas longas como as da avestruz. Mon ten un amigo que se chama Teo e Cam



non se separa de Piño. Son como dúas parellas de irmáns xemelgos que responden a un tempo cando se lles chama.

Teo e Piño son pequeniños como paxaros pequenos, pero non voan nin teñen plumas. Camiñan moi rápido sobre catro patas amarelas que lles saen dunha cabeza laranxa con forma de triángulo. Os cinco forman unha panda moi churrusqueira que percorren a fraga arriba e abaixo buscando herbas e cogomelos.

Piño e Teo gustan de agacharse entre os cogomelos para asustar os seus amigos. Os esquíos corren entre eles facéndolles cóxegas coas súas colas peludas. E os ourizos préstanlles as súas púas para se rascar.

Era un tempo de chuvias bondadosas que regaban os campos cando estaban sedentos. Era un tempo de sol xeneroso que alimentaba ás flores con raios de luz. Mais un día, a fada Chanada respirou un aire que non era o de sempre. Mon e Cam corrían asustados por algo que non vían pero sentían. As súas bocas abríanse e pechábanse querendo coller un aire que agora non lles chegaba. Os dous da cabeza laranxa buscaban un



burato onde meterse para fuxir daquela pantasma sen cadeas. As aves do bosque cubrían un ceo, xa non tan azul, collendo camiño para se afastar.

Ao lonxe, aquela pantasma abría os seus brazos de cor de lume envolvéndoo todo. Eran brazos sen fin que agarraban o horizonte de punta a punta. A fada Chanada quedou a esperala con medo e con rabia. Os demais marcharon. O monstro ardente chegou coas mans cubertas de cinzas. A fada choraba, pero nin as bágoas puideron afogar as sombras malvadas.

Houbo un tempo en que o ceo era como unha fraga azul.



Comeza o espectáculo

Unha vez, cando era pequeno, a miña nai levoume ao circo. Había moitos nenos coma min, e pareceume a escola máis divertida do mundo. Aínda que fóra ía frío, alí dentro estábase quentiño. A miña nai



quitoume a cazadora e a bufanda ao pouco de entrarmos. Unha música alegre chegaba ata nós facendo daquel tempo de espera unha festa. A miña nai contoume, mentres tanto, que ela tamén fora ao circo había moitos anos e que daquela tamén había moitos nenos.

Empezaron a soar aplausos. No medio da pista apareceu un home cun chapeu de copa negro. Tiña un bigote moi choqueiro que lle chegaba por cada lado ata as orellas. Ese home ía presentar a primeira actuación cando, de súpeto, vin algo raro sobre unha cadeira que estaba preto da miña. Non o vira antes, e aseguraría que non estaba alí cando as luces permanecían acendidas. Parecía que ninguén máis que eu se decatara da súa existencia.

Pechei os ollos con forza para comprobar, despois de abrilos, se aquilo non era máis que un soño. Mais non era. Alí seguía aquela bágoa inmensa e incolora, deixando pasar a través do seu corpo a cor vermella dos asentos de plástico.

Non tiña brazos nin pernas, era semellante a un corazón invertido, como son as gotas do choro. Na parte de



arriba tiña algo que podían ser ollos, que semellaban moverse igual que se move a auga queda dun lago cando tiras unha pedra.





Nin as actuacións dos funámbulos, dos malabaristas, das trapecistas, dos domadores, dos pallasos e de todos cantos alí ían saíndo foron quen de facerme apartar a mirada da bagulla xigante, e mira que daba gusto velas!: uns por graciosos, outras por emocionantes, outros por valentes e todos por algo.

A miña nai era como unha nena máis disfrazada de muller. A pesar da escuridade, podía verse a chispa da inocencia, a maxia do mundo recollida nos seus ollos. Por iso era como unha nena. Por iso no circo o imposible era posible e o difícil doado.

Pouco antes de rematar a función a miña compañeira desapareceu. Marchou como viñeira, sen facer ruído. Ninguén máis que eu deixara de vela. Cando o home dos bigotes longos ocupou do novo o centro da pista para dicir adeus, foi cando lle contei a miña nai o que me pasara. Díxome que era o feitizo do circo, unha ilusión que dura o que dura o espectáculo. Púxenme a chaqueta e a bufanda. Fóra tiña que facer frío. Sobre a cadeira do choro había auga parada formando palabras. Achequeime a ela:

Son a bágoa das nenas e nenos que choran coa risa.



A miña nai e eu mirámonos. Os nosos corazóns faláron de maxia e de ledicia.



A terra nai

Coñezo un home que traballa no campo durante o día e segue a traballar para el parte da noite. Coñezo un home que é labrego desde que naceu, porque sen sabelo, ao xogar coa terra cando era neno, sementaba patacas invisibles da cor do aire. Co tempo, o neno deixou de xogar con ela. A terra, que fora o seu xoguete preferido, era agora o seu traballo e a súa vida.

Do seu pai aprendera que ela che dá todo a cambio de suor. Do seu avó aprendera que sen ela a vida deixaría de selo. El estaba aprendendo todo o que a terra lle ensinaba. Que non hai nada mellor para ela que a auga, que elas dúas forman a parella perfecta sempre que a segunda non lle dea máis do que aquela necesita, porque senón o tesouro se converte en veneno.



As mañás para o labrego comezan cando o sol sae amodiño para espertalo. Ten o reloxo no ceo, as súas agullas son os raios daquel que dos soños o sacou. As noites chegan cando os regos das súas hortas se confunden con camiños sen andar, cando a escuridade adormece un campo que ole a herba mollada.

Nesta hora de solpor o labrego mira o ceo buscando as novas que lle interesan, as que lle informan do que pode vir sen que el o chame: vento, chuvia, sol ou neve.

Cando a terra ri, o home de mans traballadas recolle as súas risas de formas variadas: patacas, feixóns, tomates ou chícharos. Cando a terra chora, o labrego de engurras na fronte escoita laios que falan de sede.

Coñezo unha muller que parola coas bestas como se entendesen, que desde pequena correu coas galiñas detrás dos pitiños. Cada mañaciña persegue os paxaros voando sen ás para lembrarlles que os espantallos xogan a pillar.

Cando chega a noite cargada de estrelas buscando un curruncho para descansar, métese na corte e cóntalles ás vacas unha historia que inventa e que non ten final.



As vacas sorrín e en cada sorriso regálanlle unha marea de leite sen envasar. Cando non lles gusta a historia que conta, por moito que os ubres queira muxir, non lle ofrecen tanto, e a muller de dedos avultados de tanto premer, pensa sempre: «Que casualidade!».

Da súa nai aprendera que as semanas naceron sen días de descanso. Da súa avoa aprendera que os anos naceron sen lecer, porque as vacas non deixan de ser vacas os domingos e os porcos teñen que comer un día si e outro tamén.

O labrego é o meu pai e a gandeira a miña nai. Son filla da terra e amiga dos animais. Dos meus pais aprendo o que a natureza e os bichos me ensinan a través de eles, que é moito aprender.

Non hai día que pase en que o meu corazón non se abraie ao ver as cores das flores novas ou ao escoitar os sons naturais que fan os grilos cando chiscan as súas ás. Cando os anos me convertan en muller, non sei quen me dará a felicidade, se a terra ou os animais. Se cadra, serei dúas veces ditosa.



O falar non ten cancela

Cando a vaca espertou tiña diante dos seus ollos un bichiño pequeno con cara de poucos amigos. A vaca, antes que nada boquexou, aínda lle quedaban sonos sen durmir, despois mirou para o enfociñado intentando descubrir que era aquilo que a miraba desa maneira.

«Desde logo non é a miña compañeira de corte», pensou Paca, segura do que dicía, «Tampouco é Palleiro, el ten catro patas e rabo, menos aínda se parece a Prateira, a burra que sempre anda orneando preto de min. Creo que non a vira na miña vida, senón non esquecería esa cara de poucos amigos».

—Non me mires como se non me coñeceses, vaca, que estás farta de verme voar xunta ti, e eu estou farta de recibir golpes de rabo teus.

—Agora que o dis... Non es ti a que me meteu unha picada no lombo que me deixou tola? —preguntoulle Paca á mosca aparecida.



—A mesma que voa e anda. E, non es ti a que pace na herba sen facer caso a outra cousa que non sexa remover? —preguntoulle esta vez a mosca á mangallona tombada no chan.

—Pois si, mira por onde, non teño outra cousa mellor que facer. Ou é que nacemos para pensar?

—Daquela eu nacín enredosa —contestoulle—. A min non me chega con saír zumbando cada vez que unha man aberta se achega a min baleira de boas intencións.

—E, que queres entón? Ir á universidade e dar conferencias? —preguntoulle Paca, morta coa risa.

—Non ris así cando che poñen o xugo na corte, non si?

—É que iso non me fai graza, malo leite, que se eu fose coma ti, non sei que ía beber esta xentiña. Auga do pozo! —replicoulle a vaca, anoxada.

—O que quero dicirche é que ao mellor a ti che pasa como a min, só que ao revés.

—Non te entendo, mosca sabichona —díxolle a vaca perdida na corte.



—Pois que eu quixera casa fixa, un boi que bebese os ventos por min e unhas mans que me desen calor.

—Calor! O que me dan son tiróns, idealista —exclamou Paca posta en pé, mirándose os ubres.

—Ben, vaquiña, é un xeito de falar. Xa me entendes. Non quero voar máis sen saber onde ir, non quero espertar cada mañá sabendo que ninguén me necesita. En cambio ti...

—Estás dicindo que non queres ser libre para facer o que che veña en gana? Estás dicindo que cambiarías a túa liberdade pola miña domesticación?

—Estou.

—Parva, o que estás ti é parva. Que pensas?, que é mellor andar cando che din “arre” e parar cando che din “so”? —preguntoulle a vaca un pouco alporizada—. O que daría eu por vivir sen amo!

—O que son as cousas! Na media luz da corte unha mosca revoltosa picaba a unha vaca amodorrada no medio do corazón, aí onde é difícil rascarse. E unha vaca adormecida polos anos intentaba, ao mesmo



tempo, curar as picadas que o ser máis grande do universo, a vida, lle facía a unha mosca curiosa.





Velaí que nestas estaban cando Palleiro, o can do amo de Paca, entrou na estancia. Achegouse a un recuncho e botouse a chorar. A vaca e a mosca, amoladas, miraron o can sen saber que dicir. Semellaba sempre tan ditoso! As bágoas de Palleiro abrandaron as almas embrutecidas daqueles animais sensibles.

—Pero, Palleiro —dixo, por fin, Paca—, como é que estás chorando, se ti sempre estás contento?

O can mirou para a que lle falaba e cos ollos cargados como nubes en abril contestoulle:

—É que... É que quixera ser vento para percorrer o mundo con mil donos e ningún.



A viaxe de Lelo

Esta que aquí tedes é a pequena historia de Seve, o percebe; de Lelo, o grelo; de Amanda, a empanada, e do polbo Rodolfo, que compartiron caixas nun camión de reparto indo para moitas partes.



Os catro viaxeiros coñecéronse de boas a primeiras sen ser presentados un día de verán, aló cando o sol non quere ir durmir ata moi tarde. A empanada estaba cansa do silencio e de aturar os raxos de Rodolfo, que, de cando en vez, querían chegar ata ela. Pola súa banda, Lelo non deixaba de botar de menos a terriña que o viu nacer e de rifar con Amanda polo seu cheiro a cebola.

—Parece que me dan ganas de chorar —dixo de súpeto o grelo—. Debe ser que estou mareado de tanta curva e de tanto andar sen moverme.

—Debe ser a morriña —replicoulle Seve—. Eu estou acostumado a voltas e reviravoltas, a golpes dun lado e golpes doutro e nunca ata agora sentín o que sinto.

—É a estrada, ou! —interveu Amanda—. Non vedes que imos de festa?

—Porque ti o dis —contestoulle Rodolfo—. Ningún de nós ten pinta de ir de festexos.

—Entón será mellor dicir que imos á festa —aclaroulle a empanada—. Cada un a unha. Hai para todos os gustos.



—Es moi lista ti! —díxolle Lelo—. Non sei de onde sacas esas novas. Con tal de chamar a atención!

—Non, home, non, aínda que sexa empanada non estou confundida, a pesar do que a xente pensa cando di: «tes unha empanada!». E, entón, que pensas que facemos aquí? Ir de paseo?

—Ao mellor leva razón ela —dixo Seve—. É tempo de romarías e verbenas. Cando chega a calor sempre pasa o mesmo. O ceo alborótase cos foguetes e luces que soben onda el. Os meniños choran cando ven paxaros escapar do ruído, pensando que non han volver...

—E nós que? —interrompeulle Rodolfo—. Moita troulada e moito barullo, pero, que pintamos nós en todo isto?

—Pois darlle ledicia ao corpo —díxolle Seve—. Non queiras saber que cara de alegría poñen os homes e mulleres cando nos proban. E non é mala cousa. Un estómago cheo é máis ditoso que un baleiro, non si?

—Mirado así... —dixo Amanda.



—Ademais —proseguiu o percebe—, en moitos lugares se celebra a festa no noso honor, e moita xente vai a eles só por coñecernos. Somos ese día reis e raíñas do lugar.

Lelo, que estivera calado un bo anaco de tempo, botouse a rir. Lembraaba aqueles días cando a súa nai lle dicía: «O meu príncipe, canto te quero, aínda que para algúns parezas mendigo».

Choraba entón porque non quería parecerlle mendigo aos ollos da súa nai. Ría agora porque aquel príncipe converteríase en rei e porque a súa nai, desde algún lugar que non se sabe, estaría agardando velo coroado xunto a un percebe, unha empanada e un polbo.

Índice



Planta baixa 8

Pindolón	10
O televisor fantástico	11
Orelas molladas	12
O día e a noite	14
O príncipe valente	15
Os paxaros cantores.....	16
Fumeira e Lumieira.....	18
Os embigos máxicos.....	20
As castañas de Manuel	22
O Capitán pirata	23
As raíñas máis meigas	25

Primeiro andar 26

As follas que falan	28
Que ledicia!.....	29
O rañaceos que conseguiu ser feliz	32
A papeleira Cacheira	34
Os tres viaxeiros	38
Lousa quere descansar	41
O mar das sereas	43
Zapatóns	44
A orquestra animada	46
O concurso de Ramona	50
O porco e as bolboretas	52
A torta de Sabela	54

Segundo andar 56

A sorte de Sabela	58
Carmiña e Maruxa	60
Choveparriba	62
O fillo da Lúa	68
Os cinco amigos.....	71
Os tesouros agachados	72
A raíña do ceo	77
O fillo do panadeiro.....	80
O cascabel sen gato.....	82
No aire da Terra	87
Cousas correntes	91
O dó de peito	95
O paxaro e a primavera.....	98
Boas pulgas	100

Terceiro andar 104

As uvas da sorte.....	106
Na costa da vida	109
O cantar de Friol.....	111
O soño de Álex.....	115
Fogar, doce fogar	119
O muíño de Anxo	122
A feira de Iago.....	125
Augas salgadas	128
Malas compañías.....	132
Sorpresa!.....	136
A fada Chanada.....	141
Comeza o espectáculo	143
A terra nai.....	147
O falar non ten cancela.....	150
A viaxe de Lelo	152

